

Programación Xeral Anual



Curso 2024 -2025



ÍNDICE:

1. Datos relevantes.....	4
2. Calendario escolar.....	4
3. Contexto - Onde estamos.....	5
4. Profesorado do centro – claustro.....	6
5. Alumnado do centro.....	10
6. Consello Escolar.....	11
7. Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	12
8. Xornada escolar, horario lectivo, organización de recreos.....	13
9. Proxectos de centro.....	21
10. Obxectivos específicos a conseguir no curso académico, medidas a desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto.....	24
11. Concreción Curricular.....	27
12. Premisas metodolóxicas.....	43
13. Libros de texto.....	44
14. Avaliación e aspectos relativos ás diferentes etapas.....	49
o Datas e sesións de avaliación	
o Obxectivos da etapa de educación infantil	
o Áreas de educación infantil	
o Competencias Clave	
o Finalidade da Educación Infantil	
o Criterios de promoción de educación infantil	
o Obxectivos da Etapa de educación primaria	
o Áreas de educación primaria	
o Competencias Clave	
o Finalidade da educación primaria	
o Documentos e informes de avaliación en educación primaria	
o Tarefas Extraescolares “Deberes”	

- Perfil de Saída do alumnado ao rematar o ensino básico

15. Transporte Escolar.....58

16. Asociación de Nai e Pais de Alumnas e Alumnos (ANPA).....59

- Plan de actividades da ANPA proposto para o curso 2024/2025
- Cadro actividades extraescolares (ANPA) e deportivas (concello)
- Regulamento do Comedor Escolar

17. Plans e proxectos anuais de centro.....64

- Plan Xeral de Atención á Diversidade
- Plan de Igualdade
- Proxecto Lingüístico 2023-2027
- Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares
- Plan Biblioteca Creativa
 - PAL (Plan Anual Lectura)
 - Plan TIC
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables

18. Plan Dixital.....123

19. Plan de Benestar Emocional.....140

20. Normativa.....154

1. DATOS RELEVANTES:

INSPECCIÓN	Gustavo Lorenzo Prozzo
DIRECCIÓN	Noelia Fernández Colmenero
SECRETARÍA	Cristina Bermúdez Domínguez
XEFATURA DE ESTUDOS	Azucena Díaz Pérez
Código do centro	36014921
Nome oficial do centro	Centro de Educación Infantil e Primaria "Fontes Baiña"
Enderezo	Rúa Fontes Nº 16
Código Postal	36.308
Localidade	Baiña
Concello	Baiona
Provincia	Pontevedra
Teléfono	886 15 10 81 / 886 15 10 82
CIF	S-8600034-F
Nivel educativo	Educación Infantil e Educación Primaria
Enderezo electrónico	ceip.fontes.bainha@edu.xunta.gal
Páxina web	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfontesbainha/

2. CALENDARIO ESCOLAR:

Día non lectivo solicitado: 2 de maio de 2025



Calendario escolar 2024/2025

Septiembre 2024							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
35							1
36	2	3	4	5	6	7	8
37	9	10	11	12	13	14	15
38	16	17	18	19	20	21	22
39	23	24	25	26	27	28	29
40	30						

Octubre 2024							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
40		1	2	3	4	5	6
41	7	8	9	10	11	12	13
42	14	15	16	17	18	19	20
43	21	22	23	24	25	26	27
44	28	29	30	31			

Noviembre 2024							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
44					1	2	3
45	4	5	6	7	8	9	10
46	11	12	13	14	15	16	17
47	18	19	20	21	22	23	24
48	25	26	27	28	29	30	

Diciembre 2024							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
48							1
49	2	3	4	5	6	7	8
50	9	10	11	12	13	14	15
51	16	17	18	19	20	21	22
52	23	24	25	26	27	28	29
1	30	31					

Enero 2025							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
1			1	2	3	4	5
2	6	7	8	9	10	11	12
3	13	14	15	16	17	18	19
4	20	21	22	23	24	25	26
5	27	28	29	30	31		

Febrero 2025							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
5						1	2
6	3	4	5	6	7	8	9
7	10	11	12	13	14	15	16
8	17	18	19	20	21	22	23
9	24	25	26	27	28		

Marzo 2025							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
9						1	2
10	3	4	5	6	7	8	9
11	10	11	12	13	14	15	16
12	17	18	19	20	21	22	23
13	24	25	26	27	28	29	30
14	31						

Abril 2025							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
14		1	2	3	4	5	6
15	7	8	9	10	11	12	13
16	14	15	16	17	18	19	20
17	21	22	23	24	25	26	27
18	28	29	30				

Mayo 2025							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
18				1	2	3	4
19	5	6	7	8	9	10	11
20	12	13	14	15	16	17	18
21	19	20	21	22	23	24	25
22	26	27	28	29	30	31	

Junio 2025							
Sem.	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
22							1
23	2	3	4	5	6	7	8
24	9	10	11	12	13	14	15
25	16	17	18	19	20	21	22
26	23	24	25	26	27	28	29
27	30						

Inicio curso: 11 de septiembre 2024

Fin de curso: 20 de junio 2025

3. CONTEXTO- ONDE ESTAMOS:


O CEIP Fontes Baíña, está situado no barrio de Fontes, concello de Baiona.

O enderezo é: Rúa Fontes Nº 16 - CP: 36 308 Baiona.

É un centro que se atopa na subida cara Chan da Lagoa, podendo acceder ata o mesmo por diversos roteiros, sendo os dous máis directos, o que accede pola estrada que sube pola parroquia de Baíña, accedendo á mesma pola rotonda da gasolinera ou, accedendo pola estrada de subida á Virxe da Rocha. O centro está aberto en horario

de 08:50 a 13:50H e de 16:00 a 18:00H. De 13:50 a 16:00H realizase o servizo complementario de comedor escolar, xestionado pola ANPA.

Situación no mapa:



4. Profesorado do Centro – CLAUSTRO

CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	
PROFESORADO	POSTO DE TRABALLO
Noelia Fernández Colmenero	Dirección – <i>Coord. Igualdade / Coord. PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado) / Coord. Plan Dixital / D.O</i>
Cristina Bermúdez Domínguez	<i>Secretaría -Coord. Plan Proxecta</i>
Azucena Díaz Pérez	Xefatura de estudos

María Lourdes Fernández Ruiz	Pedagogía Terapéutica
María Jesús González Alonso	Audición e Linguaxe
Rocío González Pérez	Pedagogía Terapéutica
Cristina Bermúdez Domínguez	Titoría 5º Educación Infantil
Azucena Díez Pérez	Titoría 6º Educación Infantil
Andrea González Montes	Titoría 4º Educación Infantil
Jennifer Rodríguez Bastos	Apoio a Educación Infantil - Coordinación Infantil /Coord. Polo Creativo
Lorena Caperán Rodríguez	Titoría 2º Educación Primaria – Coordinación 1º ciclo
Eva Casado Couto	Titoría 1º Educación Primaria - Coordinación Biblioteca Creativa
Celia Abella Fernández	Titoría 4º Educación Primaria – Coord. 2º ciclo / Coord. Actividades Complementarias e Extraescolares
Inés Cebreiro Balboa	Titoría 3º Educación Primaria
Mónica Salgueiro Rial (Beatriz Ramilo Estévez)	Titoría 6º Educación Primaria– Coordinación TIC
María Gallo Mosquera (Gillermo Sánchez González)	Titoría 5º Educación Primaria – Coordinación 3º ciclo
F. Javier Rodríguez Cisneros	Lingua Estranxeira Inglés
Miguel Romero Azpitarte	Educación Física – Coordinación equipo de convivencia/Coord. Programa Xogade
Eva Fernández Reinaldo	Educación Artística: Música – Coordinación EDLG
Montserrat Prado Abril	Relixión Católica – Coord. Benestar Emocional

S	-Instrucións inicio de curso.	-Adscrición do profesorado.	-Avaliación Inicial
E	-Elaboración de horarios.	-Necesidades centro.	-Transporte escolar
T	-Reunións ANPA/	-Elaboración	(actualización de

B R O	<p>Concello Baiona</p> <ul style="list-style-type: none"> -Reunión informativa con IE Actividades extraescolares ANPA e deportivas do Concello -Elaboración PXA 	<p>programacións de aula</p> <ul style="list-style-type: none"> -Reunión de inicio de curso coas familias. -Reunións, formación de equipos de coordinación. 	<p>datos na aplicación)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Edu calidade: actualización do PD
O U T U B R O	<ul style="list-style-type: none"> -Elaboración do DOC (Documento de Organización Centro) -Elaboración PXA -Solicitud de mobiliario e material á consellería. -Simulacro evacuación 	<ul style="list-style-type: none"> -Aprobación P.X.A -PFPP -Actualización do PD (Plan Dixital) 	<ul style="list-style-type: none"> -Revisión da concreción curricular. -Aprobación de días non lectivos. -Plan de Benestar Emocional
N O V E M B R O	<ul style="list-style-type: none"> -Renovación consello escolar -Análise da marcha do curso 	<ul style="list-style-type: none"> -Comisión de convivencia: concreción das NOF -PD -AC 	<ul style="list-style-type: none"> - Plan de Benestar Emocional - Plan de convivencia
D E C E M	<p>Xustificación orzamentos.</p>	<p>Seguimento PXA</p> <ul style="list-style-type: none"> -Valoración e seguimento do Plan de Acción tutorial. 	<ul style="list-style-type: none"> -Sesións de avaliación 1º trimestre.

B R O		-Seguimento do PD	
X A N E I R O	-Avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos da PXA. -Elaboración do orzamento anual.	-Revisión das concrecións curriculares -Revisión do orzamento anual.	-Xustificación orzamento -Plan de Convivencia -Aprobación do orzamento anual.
F E B R E I R O	Reserva de praza en centros adscritos	Revisión das concrecións curriculares	
M A R Z O	-Proceso de Admisión	Plan acción tutorial	
A B R	-Avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos da PXA	-Seguimento P.X.A. -Seguimento do PD	-Sesións de avaliación: 2º trimestre

I L			
M A I O	-Planificación das necesidades de obras para a realización durante o verán.	-Revisión Plan anual lectura.	-Valoración e cumprimento do obxectivo PD
X U Ñ O	-Formalización de Matrícula. -Avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos da PXA. -Relación de libros e material didáctico.	-Memoria anual -Aprobación concrecións curriculares. -Valoración do cumprimento da PXA- Valoración PD.	-Sesións de avaliación: 3º trimestre e ordinaria. -Informes finais de ciclo. -Informes finais de etapa.
X U L L O	-Remisión a inspección da memoria anual -Actas da avaliación final. -Vacantes de alumnado.	-Solicitud de programas da consellería	

5. Alumnado do Centro

NÚMERO DE ALUMNADO POR AULA

CURSO	NÚMERO DE ALUMNADO
4º INFANTIL	11
5º INFANTIL	14
6º INFANTIL	17



1º PRIMARIA	19
2º PRIMARIA	18
3º PRIMARIA	19
4º PRIMARIA	17
5º PRIMARIA	14
6º PRIMARIA	17
TOTAL	145
PROFESORADO	9 Titoras 1 de Apoio 1 Orientadora 7 Especialistas

6. CONSELLO ESCOLAR:

O Consello Escolar foi renovado no curso 2021/2022 correspondente ao curso 2020/2021 (posposto pola pandemia).

O Consello Escolar actual está constituído polos seguintes membros:

Nº	CONSELLO ESCOLAR	
1	Presidencia – 2º período ata o 2027	Noelia Fernández Colmenero
2	Secretaría – 1º período ata o 2027	Cristina Bermúdez Domínguez
3	Xefatura de Estudos – 2º período ata o 2027	Azucena Díaz Pérez
4	Representante Docente 1 – 2022– 2026	Lorena Caperán Rodríguez
5	Representante Docente 2 – 2022– 2026	Eva Fernández Reinaldo
6	Representante Docente 3 – 2021– 2024	**Mónica Salgueiro Rial
7	Representante Docente 4 – 2021– 2024	**Montserrat Prado Abril
8	Representante Docente 4 – 2021– 2024	**María Gallo Mosquera

9	Representante Non Docente – 2022-2024	**Miguel Testa San Juan
10	Representante Familias 1 – 2021-2024	**Raquel Barbará Pousa
11	Representante Familias 2 – 2021-2024	**Vacante
12	Representante Familias 3 – 2022-2024	**Manuel Rego Casasnovas
13	Representante Familias 4 – 2022-2024	**Vacante
14	Representante ANPA	Ana María Alar Prado
15	Representante Concello – elección do Concello	Nuria Leyenda Gómez

*Segundo arquivos do centro.

**Renova no curso 2024-2025 (Novembro)

7. Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

As súas funcións segundo O Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 21 outubro 1996).

FUNCIÓNS:

- Elevar propostas ao claustro a fin de establecer os criterios para a elaboración das concrecións curriculares. Velar para que a elaboración das concrecións curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme aos criterios establecidos polo Claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo, as concrecións curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo/nivel docentes e do plan de acción tutorial.
- Velar polo cumprimento e avaliación das concrecións curriculares de etapa.

Nº	Comisión de Coordinación Pedagóxica	
1	Noelia Fernández Colmenero	Dirección /Xefatura do Departamento de Orientación

2	Azucena Díaz Pérez	Xefatura de Estudos
3	M. ^a Lourdes Fernández Ruíz	Pedagogía Terapéutica
4	Rocío González Pérez	Pedagogía Terapéutica
5	M. ^a Jesús González Alonso	Audición e Linguaxe
6	Eva Fernández Reinaldo	<i>Coordinación EDLG</i>
7	Jennifer Rodríguez Bastos	Coordinación Educación Infantil
8	Lorena Caperán Rodríguez	Coordinación 1º ciclo
9	Celia Abella Fernández	Coordinación 2º ciclo
10	María Gallo Mosquera	Coordinación 3º ciclo
11	Eva Casado Couto	<i>Coordinación Biblioteca Escolar</i>

8. XORNADA ESCOLAR, HORARIOS, ORGANIZACIÓN ENTRADAS, SAÍDAS, PATIOS, GARDAS:

O calendario escolar polo que se rexe o centro educativo é o aprobado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na ***Orde do 12 de abril do 2024, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024-2025 nos centros docentes sostidos con fondos públicos, na Comunidade Autónoma de Galicia.***

***HORARIO ESCOLAR:**

O CEIP Fontes Baiña ten réxime de xornada única de mañá, en horario de 08:50 a 13:50 horas.

A xornada escolar distribúese en sesións de 50 minutos, un recreo de 30 minutos e 20 minutos dedicador a ler:

	De setembro a xuño
Primeira sesión	08:50-09:40 horas



Segunda sesión	9:40-10:30 horas
Terceira sesión	10:30-11:20 horas
Recreo	11:20-11:50 horas
Hora de ler	11:50-12:10 horas
Cuarta sesión	12:10-13:00 horas
Quinta sesión	13:00- 13:50 horas

***PERÍODO DE ADAPTACIÓN**

A incorporación gradual do alumnado no nivel de 4º de Educación Infantil (3 anos) non se prolongará máis alá do 17 de setembro de 2024.

Coa finalidade de facilitar a adaptación progresiva do alumnado durante 5 días axustanse os horarios de entrada e saída dos nenos e nenas que acuden por primeira vez ao cole. Deste xeito en lugar de incorporarse ao centro todos xuntos o primeiro día de comezo das clases, incorpóranse de xeito escalonado. No mes de setembro as familias son informadas seguindo a distribución horaria da titora.

HORARIO DO PROFESORADO

Para a realización dos horarios aplícase o establecido na *Orde de 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (D.O.G. 30.06.11).*

Ademáis de establecer os horarios do profesorado, a normativa indica a necesidade de regular as entradas e saídas do alumnado.

Xornada semanal de 37 horas e media:

- 28 horas semanais de presenza no centro

- **23 horas lectivas** (clases, gardas, gardas de transporte, gardas de recreo, funcións directivas, reducións en horario lectivo por coordinacións, dinamizacións, itinerancias, etc)

- 5 horas non lectivas

a) **2-3 horas fixas semanais** de titorías e orientación de alumnado, titorías de familias, reunións de coordinación, etc.

b) **Horas restantes ata 5, de cómputo mensual**, dedicadas gardas non lectivas (actividades extraescolares), avaliacións, reunións de equipos de ciclo, órganos colexiados (claustros, consello escolar, comisións)etc.

- 9 horas e media complementarias de non obrigadas permanencia no centro dedicadas a perfeccionamento, formación, preparación de clases...

Referencias legislativas:

-Orde do 22 de xullo de 1997

-Orde do 23 de xuño de 2011

-Resolución de 10 de xaneiro de 2024

-Instrución 6/2024 da Dirección Xeral de centros e Recursos Humanos (30/08/2024)

O profesorado que non cubra as 23h lectivas, a dirección, oído o claustro, pode asignarlles:

- ✓ Garda de transporte.
- ✓ **Atención á diversidade.**
- ✓ Dar clase noutro curso ou ciclo, ou con outro grupos de alumnos.
- ✓ Desdobres ocasionais de grupos.
- ✓ Apoio nas aulas (especialmente EI ou con alumnado NEAE.)
- ✓ Substitucións, dinamizacións...

O profesorado itinerante, que realice a súa actividade en centros de distinta localidade terá dereito a unha redución no seu horario lectivo, e a unha compensación económica.

O profesorado deste centro (Relixión, AL, PT) que itinera co CEP SABARIS, CEIP BELESAR, CPI Arquitecto Palacios terá unha redución horaria de ata 2h, por ser menos de 50Km, repartidas de forma equitativa entre os centros nos que realiza a súa actividade docente. O profesorado itinerante deberá estar presente nas xuntanzas informativas, Claustros, reunión docentes ..., no seu centro base Ceip Fontes-Baíña.

Horario do persoal laboral non docente:

O persoal laboral non docente deste centro está formado por:

- **Conserxe:** Miguel Testa San Juan

O conserxe estará a disposición do profesorado do centro cun horario laboral de 35h distribuídas: de luns a venres de 08:00h a 14:30h polas mañás.

- **Persoal de limpeza:** Dona Albertina Barreiro, Carmen Cabral Selegante, Antonia Alcauza Fernández.

O persoal de limpeza realiza as súas tarefas con horario laboral de 16:00h a 20:00h.

- **ATE (Coidadora):** Sara María Pérez Fernández

A auxiliar coidadora presta servizos complementarios para a asistencia e formación dos escolares con minusvalía e/ou discapacidade, atendendo na súa limpeza e aseo, no comedor, e demais necesidades análogas. Así mesmo, colabora nos cambios de aula ou servizos escolares, na vixiancia dos recreos, etc, dos que son responsables os mestres. O seu horario é de 08:30h a 16:00h.

FUNCIÓNS DO **PROFESOR/A DE GARDA** EN CADA HORA LECTIVA:

Haberá un **parte diario de gardas e faltas do profesorado**, estando en cada sesión anotadas as persoas que están de garda e o profesorado ausente (anotado pola xefa de estudos cando coñeza con anterioridade quen vai a faltar.)

O profesorado o día que teña garda consultará a pizarra a primeira hora da mañá para saber se ten que substituír a alguén.

Todo o profesorado de garda durante o horario lectivo que non teña que substituír, **permanecerá na sala de profesores ou na súa clase** para desempeñar diversas funcións.

O profesorado será escrupuloso na puntualidade no cambio de sesión para evitar problemas, pois **os menos/as non poden quedar sen profesor**.

GARDAS DO PROFESORADO FORA DO HORARIO LECTIVO

Realízanse gardas de Biblioteca, para completar o horario do profesorado, asistindo ao centro de luns a venres de 16:00 a 18:00 horas, agás os martes, día no que todo o profesorado acude de 16:00 a 18:00 horas para reunións e titorías.

Os luns, mércores, xoves e venres, o profesorado de garda pola tarde é o responsable das posibles incidencias que se poidan producir entre as 16:00 e as 18:00 horas (nas actividades extraescolares e a Biblioteca).

Na Biblioteca hai un caderno para anotación das posibles incidencias; así como, os listados do alumnado que asisten as actividades extraescolares co día, actividade, espazo onde se leva a cabo e teléfonos de contacto.

O profesorado fará esta garda na Biblioteca, para atender ao alumnado que acuda. Atenderá ao telefonillo da porta de entrada para abrir ao alumnado que veña tanto a biblioteca como ás actividades extraescolares. As 18:00 horas cando abandonen o centro os profesores/as de garda teñen que deixar o recinto pechado e sen ninguén dentro.

QUENDAS DE VIXILANCIA E GARDAS NAS ENTRADAS, SAÍDAS E NO RECREO NO CURSO

Segundo a Orde de 23 de xuño de 2011 (D.O.G.30.06.11), establececese que as portas do recinto escolar, abranse en canto cheguen as dúas liñas de autobús.

Ás 08:50 horas soará o fío musical e o alumnado colocarse en filas por cursos, distribuídos en 3 portas de entrada no edificio principal e unha para infantil no edificio secundario. O alumnado dos cursos 1º,2º,3º,4º EP entrarán polo porche dianteiro. O alumnado de 5º e 6º EP entran polo porche de atrás. Todas as titoras ou especialistas segundo o seu horario irán as portas de entrada para recoller ao seu alumnado.

Os profesores/as de garda de recreo deberán ser puntuais e no patio deberán cubrir todas as zonas, evitando que os nenos/as xoguen nos espazos non destinados a súa etapa educativa, a distribución será como segue:

Educación Infantil, no patio de infantil, zona do parque infantil, zona de herba,

zona do cemento e areeiro. Os días de chuvia o alumnado de infantil realizará o recreo no ximnasio do edificio B.

Educación Primaria repartense por 3 zonas: pista de baloncesto, pista de fútbol e pavillón. Os días de chuvia ou alerta laranxa os/as alumnos/as quedarán dentro do edificio principal repartidos por cursos na biblioteca creativa e no salón de actos.

A xefa de estudos repartirá un cadro coas horas de garda.

Non quedará ningún alumno/a nos corredores e baños do edificio principal, nin na aula solos, no tempo de recreo.

Se un alumno/a se dana ou se atopa mal no recreo, algún profesor/a de garda o acompañará para atendelo/a. Se hai algunha dúbida avisaremos ao equipo directivo ou activaremos o protocolo de actuación en caso de accidente: chamar ao 061.

Cando remata o recreo soa o **fío musical**, formaremos filas para entrar. A titora ou especialista que lle toque a hora de leer con ese grupo recolleraos na fila para subir á aula.

Debemos tratar de ser puntuais nos cambios de clase para que os alumnos/as non queden solos. Os especialistas recollerán ao alumnado nas aulas e acompañaranos de volta a elas.

Cando rematan as actividades diarias cada profesor/a que estea cun grupo de alumnos/as, debe acompañalos e vixiar a baixada para evitar carreiras, caídas, así como, controlar que os alumnos/as se vaian coa persoa encargada de vir a buscalos, no caso de non ter a autorización para irse solos.

O alumnado dos cursos 5º e 6º de EP que vaia só para a súa casa ten que ter firmada unha autorización.

Se a algún alumno/a veñen a recollelo dentro do horario lectivo, a persoa que o leva deberá firmar no libro de recollida marcando o motivo para que quede rexistrada a súa saída do centro.

O HORARIO de atención ás familias é o seguinte:

- ❖ DIRECCIÓN: De luns a venres de 08:50 a 9:40 e de 13:00 a 13:50
- ❖ SECRETARÍA: luns e martes de 08:50 a 09:40h. Mércores e xoves de 10:30 a 11:20h. Venres de 12:10 a 13:00H.
- ❖ ORIENTACIÓN: Martes pola tarde de 17:00 a 18:00h. Pola mañá con cita previa.
- ❖ TITORÍAS: MARTES de 17:00 a 18:00h.

Para unha mellor organización do traballo docente e atención ás familias, solicitamos non acudir ao centro educativo sen cita previa.

ENTRADAS:

O CEIP FONTES Baiña está formado por **dous edificios A e B.**

O edificio A é o principal, neste ubícanse as aulas de educación primaria, a biblioteca creativa, aula multisensorial, aula de convivencia, salón de actos/comedor escolar, aulas de especialistas, D.O., dirección, sala do profesorado, vivenda do conserxe.

No edificio B (máis pequeno) están as tres aulas de educación infantil e o ximnasio.

As portas de entrada ao recinto escolar ábrense cando chegan os autobuses ao centro. Sobre as 08:40h.

As gardas de transporte escolar son realizadas polos mestres de garda, quen recolle ao alumnado cando chega ao centro.

Hai 2 portas de entrada, a principal para a entrada do alumnado que acude ao centro en transporte escolar e o portalón para o alumnado de educación infantil que acude acompañado polas familias.

Unha vez dentro do recinto escolar, ás 08:50 o alumnado de infantil colócase en 3 filas no edificio B. O alumnado de primaria accede ao edificio principal por 3 portas:

o alumnado de primeiro e segundo ciclo acceden polas portas do porche dianteiro. O alumnado do terceiro ciclo accede pola porta do porche traseiro. As filas agardan cos mestres de garda ata que chega o profesorado correspondente, quen acompaña ao alumnado en orde ata as aulas.

Sobre as 08:40 chegan os autobuses (2 liñas) o alumnado vai entrando por orde de chegada e colócase na súa fila correspondente, onde agardan as mestras. Cando están todos entran en filas por cursos.

SAÍDAS:

As portas do recinto ábrense as 13:45h. As familias que recollen ao alumnado agardan fóra, sobre as 13:50 son entregados polo profesorado.

Cando soa o fío musical, o alumnado sae no seguinte orde:

-Fila de casa: o profesorado correspondente entrega ás familias ao alumnado que vai para casa.

-Fila de comedor: o alumnado de educación infantil é acompañado por unha mestra dende o edificio A ata o B, onde se atopa o comedor. O alumnado de primaria baixa coas súa fila. O alumnado de comedor entrégase na porta do comedor ás acompañantes.

-Filas de autobús: o alumnado sae acompañado polo mestre correspondente e entregase na porta do colexio ás acompañantes das dúas liñas de bus: Baiña e Baredo.

Ningún alumno/a porá permanecer no recinto unha vez rematada a xornada lectiva, agás o alumnado que quede ao comedor.

PATIOS:

O profesorado realizará unha garda de recreo á semana marcada no seu horario. Hai catro mestres de garda; dous para infantil e dous para primaria.

9. PROXECTOS DE CENTRO:

PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO					
Denominación	Conce	Por	Non	Orzame	Coordinación

	didado	resolver	concedido	nto concedido	
XOGADE	X				Miguel Romero Azpitarte
PLAMBE	X				Eva Casado Couto
CONTRATOS – PROGRAMA					
INCLÚE					
Iguála-t		x			Rocío González Pérez
Emociona-t		x			Rocío González Pérez
Inclúe-t		x			Rocío González Pérez
Convive-t		x			Rocío González Pérez
INNOVA					
EDUsaúde		x			Cristina Bermúdez Domínguez
EDUsostibilidade		x			Andrea González Montes
EDUInnova		x			Jennifer Rodríguez Bastos

Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)					
Plan Dixital	x				Noelia Fernández Colmenero
PFPP	x				Noelia Fernández Colmenero
Polos Creativos	x				Jennifer Rodríguez Bastos
Convivencia +	x				Montserrat Prado Abril

OUTROS					
Inspira STEAM: 6ºEP Universidade Vigo	X				Noelia Fernández Colmenero/ titor/a 6º EP
FOGGA (leite e froita na escola)					Dirección
PROA+		X			Dirección
Os oficios tradicionais galegos	X				Todo o claustro
As emocións a través da música	X				Eva Fernández Reinaldo

11. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS A CONSEGUIR NO CURSO ACADÉMICO, MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN E RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.

- Solicitar e desenvolver os programas de éxito e innovación educativa
- Desenvolver as Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF) como un documento aberto e activo, adaptado ás necesidades do centro.
- Revisar e actualizar todos os plans que forman o Proxecto Educativo (PE).
- Potenciar o labor da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).
- Revisar e actualizar o Plan de Igualdade.
- Desenvolver o Plan de Autoprotección do centro.

- Revisar, actualizar e dar difusión ao Plan de Convivencia do centro e o Plan de Benestar Emocional.
- Erradicar os prexuízos sexistas que poidan surxir no centro ou calquera outro comportamento machista (Art. 10 da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes).
- Establecer medidas concretas que conduzan a unha educación para a igualdade entre ambos sexos, como obxectivo de especial atención (Art.9 da Lei 7/2004, do 16 de Xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes), e fomentar comportamentos non sexistas e o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual. Ditas medidas serán contempladas no Plan de Convivencia e desenroladas a través do PAT (Plan de Acción Titorial) no horario destinado ao efecto.
- Potenciar a prevención das dificultades de aprendizaxe aproveitando ao máximo os recursos dos que dispón o centro, a través dun plan específico de "Atención á diversidade".
- Estimular a resolución dos conflitos con diálogo, consenso e mediación, fomentando actitudes de diálogo a través de dinámicas na aula de convivencia e través da acción titorial.
- Orientar aos alumnos na adquisición de hábitos para unha vida saudable.
- Fomentar unha estreita relación entre os distintos membros da comunidade educativa, con reunións periódicas entre o equipo directivo do centro, ANPA, outros centros educativos, concello.
- Actualizar o material da biblioteca creativa a través do polo creativo que envía a

consellería de educación (impresora 3D, robótica, máquina de coser, e-textil, radio, cromas...) convertendo a biblioteca nun centro de recursos que axude a compensar as desigualdades culturais sendo un instrumento que garanta a equidade. Colaborar coa Biblioteca Municipal de Baiona, na medida do posible.

- Activar a representación de nais/país no Consello Escolar do centro, a través dos seus representantes no mesmo.
- Dinamizar a páxina Web do colexio, dándolle a difusión necesaria para que chegue a ser unha ferramenta real de comunicación entre todos os sectores da nosa Comunidade Educativa.
- Desenvolver novos obxectivos do Plan Dixital do CEIP, así como a elaboración e búsqueda de recursos dixitais para poñer a disposición de todo o profesorado e alumnado do centro.
- Incorporar novos recursos na Aula Multisensorial e de Innovación Educativa.
- Informar ao profesorado sobre os cursos de formación e innovación educativa que poidan mellorar a súa práctica educativa.
- Fomentar a coordinación docente, así como as coordinacións entre os equipos de profesores/as do CEIP e o centro adscrito: I.E.S "1º de marzo".
- Favorecer os comportamentos de respecto entre tódolos membros da comunidade educativa, así como o respecto ás instalacións e materiais do centro, potenciando a concienciación do alumnado a través da acción titorial.
- Os **recursos** previstos para acadalos obxectivos propostos son o traballo en

equipo de tódolos mestres/as do centro, a implicación das familias, a colaboración do Concello así como o fomento da participación de tódolos membros da comunidade educativa. As medidas a desenvolver para conseguilos obxectivos concretaranse a través das reunións da Comisión de Coordinación pedagóxica así como a través dos equipos de traballo formados entre o profesorado do centro.

➤ EQUIPOS DE TRABALLO DOCENTES:

- ◆ *Equipo de Biblioteca Creativa*
- ◆ *Equipo de Dinamización da Lingua Galega.*
- ◆ *Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.*
- ◆ *Equipo de convivencia.*
- ◆ *Equipos de ciclo*

MEMBROS DOS EQUIPOS:

-Membros do equipo de Dinamización Lingüística: M^a Lourdes Fernández Ruiz- M^a Jesús González Alonso, *Andrea Montes González*, **Coord.:** EVA FERNÁNDEZ REINALDO

-Membros do equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: *Cristina Bermúdez Domínguez*, *Rocío González Pérez*, **Coord.:** CELIA ABELLA FERNÁNDEZ

-Membros do equipo de Biblioteca creativa : *Azucena Díaz Pérez*, *Inés Cebreiro Balboa*, *Jennifer Rodríguez Bastos*, *Francisco Javier Rodríguez Cisneros*. **Coord.:** EVA CASADO COUTO e MÓNICA SALGUEIRO RIAL

-Equipo de convivencia: *Montserrat Prado Abril*, *Lorena Caperán Rodríguez*, *Noelia Fernández Colmenero*, **Coord.:** Miguel Romero Azpitarte

Organigrama das reunións dos martes pola tarde en horario de 16:00 a

17:00h:

- ◆ **1º Martes á semana do mes: reunións de CICLOS**
- ◆ **2º Martes á semana do mes: reunións de equipos dinamizadores dos distintos plans ou proxectos do centro.**
 - Reunión do equipo de Dinamización da Lingua Galega: AULA DE MÚSICA
 - Reunión do equipo da Biblioteca Creativa: BIBLIOTECA CREATIVA
 - Reunión do equipo de Convivencia: ORIENTACIÓN
 - Reunión do equipo de actividades complementarias e extraescolares: SALA DO PROFESORADO
- ◆ **3º Martes á semana do mes: Dinamizacións dos equipos**
- ◆ **4º Martes á semana do mes:** Reunións de convivencia, CCP, claustros/ consello escolar cando sexan convocados e reunións xerais. Reunións do equipo docente, previa convocatoria.

11. CONCRECIÓN CURRICULAR

A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Reforzar as normas de convivencia seguindo as indicacións das NOF do centro, documento redactado pola comisión de convivencia, presentado a claustro e aprobado en consello escolar no curso 2023-2024. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo mediante diferentes dinámicas de cohesión, estruturas en técnicas cooperativas. Fomentarase o sentido crítico, a iniciativa persoal, a

curiosidade, o, interese e a creatividade a través do proxecto anual de centro: os oficios (de antes).

Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos mediante prácticas restaurativas: círculo da palabra, aula de convivencia, aula de atención educativa.

Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e diferenzas entre as persoas mediante a realización de obradoiros, contacontos, xincanas, xornadas multiculturais e celebración das conmemoracións marcadas no calendario escolar, así como as propostas polo Departamento de Orientación e o equipo de actividades extraescolares fomentando a non discriminación por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá garantindo un reparto equitativo entre as dúas linguas ao impartir as materias e mediante a realización das actividades propostas polos equipos de Dinamización da Lingua Galega e o equipo de Biblioteca Creativa. Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Desenvolver as competencias matemáticas básicas de xeito lúdico e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura mediante a realización de actividades complementarias como saídas ao monte de Baiona (Chan da Lagoa), excursións a museos, teatros, etc.

Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran, mediante os proxectos da consellería solicitados.

Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais mediante o proxecto de centro: os oficios tradicionais galegos, participación en concursos, creación de vídeos utilizando o croma, realización das actividades que desenvolven o Plan Dixital e a participación nas actividades propostas polo equipo de Biblioteca Creativa.

Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social, desenvolvendo as accións e actividades propostas no plan de actividades físicas e hábitos saudables: baloncesto, bolos celtas, surf, vela, etc.

Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoitar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos de xénero mediante as accións propostas no plan de acción tutorial, o plan de igualdade e o plan de benestar emocional.

Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico mediante as actividades solicitadas a través do plan director e outras accións desenvolvidas mediante o concello de Baiona e a ANPA do CEIP. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais

de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas mediante as actividades propostas polo equipo de Dinamización da Lingua Galega.

b)A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave trabállanse do seguinte xeito:

- Mediante actividades deseñadas con DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) facilitando a comprensión e aumentando a motivación.
- Deseñando ambientes de aprendizaxe ben estruturados facilitando a realización das actividades de forma cooperativa fomentando o traballo en equipo.
- Uso de estratexias de autoconecemento para identificar fortalezas e debilidades, recoñecendo necesidades e retos que afrontar, mediante destrezas creativas e planificando as tarefas.
- Proporcionar coñecementos e destrezas para buscar, obter e tratar a información de maneira crítica a través de diferentes medios: PDI, PC, Tablets, Polo Creativo...
- Interactuar coa contorna empregando distintas linguaxes artísticas e culturais para que expresen sentimentos, ideas, opinións, emocións con actitudes abertas e inclusivas.
- Establecemento de nexos entre as diferentes materias para a integración dos contidos de xeito significativo.
- Orientar a aprendizaxe para conseguir que o alumnado desenvolva diversas formas de actuación e adquiren capacidades de enfrontarse a situacións novas con actitudes positivas.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

- Actualización dos fondos da Biblioteca Creativa (comprensión lectora)
- Representación de pequenas obras de teatro e musicais (expresión oral e corporal)
- Realización de evidencias de traballos audiovisuais nos que se empreguen as TIC.
- Organización de talleres científicos con experimentos que lles permitan explorar mediante ensaio-erro.
- Charlas informativas relacionadas coa saúde (incluída a sexual) e os perigos nas redes sociais (plan director)
- Contacontos que visibilicen emocións e reforcen valores.
- Programa Inspira STEAM (Universidade de Vigo)
- Talleres de robótica nas aulas e na biblioteca creativa (polo creativo)
- Realización de prácticas restaurativas para facilitar a resolución de conflitos: círculo da palabra, mediación, traballo colaborativo.
- Xincanas de actividades para fomentar a igualdade e a non discriminación pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- Desenvolverase o espírito emprendedor mediante as tarefas realizadas no proxecto anual do centro. No curso 2024 - 2025 traballaremos sobre os OFICIOS tradicionais galegos
- Exposicións no centro educativo sobre os oficios de antes, coa colaboración das familias.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía empregada en xeral baséase no seguinte:

- Traballo por proxectos: cada curso escolar elíxese en claustro un proxecto interdisciplinar para todo o centro, este curso o tema elixido é os oficios tradicionais galegos.

- Ambientes de aprendizaxe e Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)
- Aprendizaxe cooperativa en agrupamentos flexibles, heteroxéneos(tendo en conta afinidades e incompatibilidades): pequeno grupo, gran grupo, parellas...
- Metodoloxía inclusiva: tendo en conta as necesidades educativas individuais de cada alumno/a.
- Aprendizaxe significativa: o/a alumno/a protagonista da súa aprendizaxe.
- Aprendizaxe mediante o xogo favorecendo o desenvolvemento afectivo, cognitivo, motriz e social.
- Fomento de hábitos lectores seguindo os diferentes itinerarios lectores seleccionados polo equipo docente para cada curso. Garantindo o tempo diario dedicado á lectura. No CEIP desenvólense iniciativas como: as mochilas viaxeiras, mochilas da igualdade, coleccións de lectura fácil, coleccións de revistas de países do mundo, etc.
- Xestión das emocións a través da aula de convivencia e aula multisensorial onde se traballa a resolución de conflitos, a expresión de sentimentos e emocións, o descubrimento de novas sensacións, o regulamento da tensión, nerviosismo... que lle permitirá ao alumnado adquirir de xeito máis positivo as aprendizaxes propostas.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Para a selección dos recursos materiais e didácticos teñense en conta as necesidades do alumnado e do centro. Solicítanse programas da consellería para mellorar os recursos e ofrecer un enriquecemento da aprendizaxe:

- Participación en liñas de formación a través do PFPP que nos proporcionou orzamento económico para mercar xogos de robótica e libros. No curso escolar 2024-2025 seguimos dúas liña de traballo en competencia didáctica. Seguiremos dous itinerarios: convivencia+ e polo creativo.
- Instalación de 7 PDI (paneis dixitais interactivos) de 75 pulgadas nas tres aulas de infantil (4º,5º e 6º EI) 1º, 2º, 3º e 4º de EP.
- Solicitude de continuidade no PLAMBE: a través do cal o centro recibe orzamento para actualización de fondos.
- Participación en programas de innovación educativa CP Innova a través do cal dotamos a aula de innovación educativa con material multisensorial. CP Inclúe a través do cal traballamos as emocións mediante audicións a través do fío musical, atención ao alumnado con N.E.A.E, prácticas restaurativas, conmemoracións...
- Libros de texto globalizados para os cursos de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
- Aprendizaxe a través de elementos naturais e xogos para desenvolver a aprendizaxe nos tres cursos de Educación Infantil.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Ata o curso 2022-2023 ofertouse a materia optativa de francés en 4º e 6º de educación primaria. No curso 23 – 24 a materia de francés deixou de ofertarse.

A partir do curso 2022-2023 o alumnado de educación primaria pode elixir entre relixión católica e proxecto competencial. O alumnado de educación infantil elixe entre relixión católica e atención educativa.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias deséñanse pensando en mellorar ou reforzar aspectos tan importantes como:

- A igualdade e a non discriminación por razóns de sexo.
- A inclusión educativa das distintas discapacidades.
- O benestar socio emocional do alumnado.
- O desenvolvemento da creatividade.
- Fomento da lectura, reflexión e investigación.
- Experiencias a través de saídas didácticas.
- O traballo en equipo.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Seguindo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006. O equipo docente redactará un plan específico de reforzo para o alumnado repetidor que lle permitirá ao alumno/a que non promociona acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

O alumnado que promociona con materias suspensas recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior. Así mesmo realizaraselle actividades que esperten a motivación e interese do alumnado, permitíndolles unha mellora da comprensión e reforzo das competencias clave non acadadas.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O alumnado que non acade os criterios de promoción ao finalizar o ciclo (nos cursos de 2º, 4º e 6º curso de EP) permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida será de carácter excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias de reforzo e apoio educativo. A decisión de permanecer un ano máis no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez en toda a etapa de educación primaria, oídas as nais, pais e/ou titores legais.

O plan específico de reforzo ou personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso realizarase tendo en conta o informe final do curso anterior, reforzando as competencias non acadadas. Este plan de reforzo contará con actividades deseñadas con DUA (Deseño Universal Aprendizaxe) para aumentar a motivación do alumnado e conseguir acadar as competencias clave. O plan contemplará o desenvolvemento socio emocional do alumnado, e ofrecerá alternativas fomentando o esforzo, a motivación e a inclusión do alumnado.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Criterios xerais de promoción para a avaliación do alumnado ao finalizar o ciclo son os seguintes:

EDUCACIÓN INFANTIL

-Coñece o seu corpo e as súas posibilidades de acción. Respecta as diferenzas.

-Observa, explora e interactúa co seu entorno familiar, natural e social.

-Progresa na adquisición de autonomía nas actividades cotiás.

-Avanza no coñecemento, identificación e regulación das súas emocións e das dos demais.

-Relacionase coas demais persoas en igualdade e aplicando pautas de convivencia.

-Desenvolve e aplica habilidades comunicativas e de interacción en diferentes formas de expresión e linguaxes.

1º CICLO (1º e 2º de EP)

-O equipo docente considera que o grado de esforzo realizado polo alumno/a permítelle seguir avanzando.

-O equipo docente estima que dita promoción beneficiará a súa pertenza ao grupo clase favorecendo a súa evolución.

-O equipo docente considera que co grado de competencias adquiridas pode seguir avanzando.

-O equipo docente considera que o/a alumno/a coñece e acata as normas de convivencia do centro.

2º CICLO (3º e 4º de EP)

-O equipo docente considera que o grado de comprensión e expresión oral e escrita permítelle seguir aprendendo.

-O equipo docente considera que o grado de cálculo e resolución de problemas adquirido non lle impide seguir aprendendo.

-O equipo docente considera que o grado de implicación do alumno/a permitelle seguir avanzando.

-O equipo docente estima que dita promoción beneficiará a súa pertenza ao grupo clase, favorecendo o súa evolución.

-O equipo docente considera que o/a alumno/a respecta as normas de convivencia.

-O equipo docente estima que co grado de competencias adquiridas, adaptadas ao seu nivel, pode seguir aprendendo.

3º CICLO (5º E 6º EP)

-O equipo docente considera que é capaz de plantexar e resolver diferentes tipos de situacións de maneira autónoma adaptados ao seu nivel.

-O equipo docente considera que o grado de comprensión e expresión oral e escrita permítelle incrementar a autoaprendizaxe de determinados temas no ámbito social e educativo.

-O equipo docente considera que co grado de cálculo e resolución de problemas adquirido é quen de empregar diversas estratexias adaptadas ao seu nivel.

-O equipo docente considera que a natureza das materias non superadas non lle impide continuar no curso seguinte.

-O equipo docente estima que o alumno ten expectativas favorables de recuperación.

-O equipo docente considera que se desenvolve no manexo de elementos dixitais.

-O equipo docente considera que o/a alumno/a respecta as normas de

convivencia

-O equipo docente considera que a promoción favorece o nivel socioemocional e a autoestima do alumno/a.

O criterio da persoa titora será tomado especialmente en consideración, o seu voto contará un 40% do peso total. O 60% restante repartirase entre os membros do equipo docente (agás PT/AL) en función da carga horaria a partes iguais.

O alumnado de 1º, 3º e 5º de Educación Primaria promociona automaticamente. Nos cursos de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria, o equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado. Esta decisión tomarase de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida será de carácter excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias de reforzo e apoio educativo. A decisión de permanecer un ano máis no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez en toda a etapa de educación primaria, oídas as nais, pais e/ou titores legais.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

As matrículas de honra en primaria antigamente chamadas mencións honoríficas na normativa que regula a avaliación na educación primaria de Galicia non se contemplan, polo tanto non existen.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos de educación infantil e primaria incluírán os seguintes elementos:

1. Introducción tendo en conta a aula de referencia, a diversidade do alumnado e a contorna.
2. Obxectivos de área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Relación de unidades didácticas coa súa secuenciación e temporalización.
4. Metodoloxía: concrecións metodolóxicas, materiais e recursos didácticos.
5. Avaliación: Procedemento para a avaliación inicial. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área. Criterios de recuperación.
6. Medidas de atención á diversidade.
7. Concreción de elementos transversais e actividades complementarias.
8. Práctica docente: procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos indicadores de logro. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

As programacións didácticas serán explicadas pola titora e especialistas nas reunións de inicio do curso. Na páxina web do centro, no apartado documentos de centro estarán expostas para a súa lectura. O alumnado recibirá por parte do profesorado unha explicación sobre a programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Para participar en proxectos, plans e programas da Consellería a dirección envía ao claustro a normativa de referencia a seguir así como a información do proxecto, programa ou plan a través da conta de correo

electrónico corporativo. En reunión de claustro expónse valorando que o plan, programa ou proxecto beneficie ao alumnado e ofrezca recursos cos que non contamos. Explícanse os requisitos e pregúntase quen quere participar. Se o número de participantes é alto noméase un coordinador/a que redacte e supervise o proxecto, plan ou programa a desenvolver. Preséntase en sesión ordinaria de Consello Escolar para a súa aprobación. A directora ou coordinador/a envía a solicitude mediante a aplicación, sede electrónica ou medio correspondente.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A modificación da concreción curricular do curso foi aprobada en sesión extraordinaria de claustro o 7 de abril de 2022.

No curso 2023-2024, a concreción curricular foi revisada polo profesorado nas reunións de ciclo ao inicio do curso.

As modificacións da concreción curricular e das programacións didácticas serán comunicadas ás familias e ao alumnado por parte das titoras. Engádesse na PXA e publicase na páxina web do centro, no apartado documentos de centro. Ao inicio de cada curso escolar a concreción curricular é revisada polo equipo directivo e actualizada seguindo a normativa vixente a través da aplicación PROENS.

0) Outros apartados

1. Normativa de referencia

-D. 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da EI na C. A. de Galicia.

-D. 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na C. A. de Galicia. --

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve a avaliación en EP .

-ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o D 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na C. A. de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

-Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o D 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia.

12. PREMISAS METODOLÓXICAS:

<p>COMUNICATIVA</p>	<p>Segue o principio da comunicación, por medio da cal, todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe lévase a cabo pola comunicación directa.</p> <p>A principal fonte de transmisión de coñecementos realízase de forma oral, sendo moi importante o proceso de adquisición das linguas a través de situacións reais nas que se combinan destrezas, capacidades e competencias propias da educación primaria.</p> <p>Damos gran importancia ao emprego da lingua dunha maneira apropiada en diferentes situacións sociais.</p> <p>Ensínase ao alumnado a saber “cando falar, cando non, con quen, onde, como...”</p>
<p>ACTIVA</p>	<p>Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados, referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe:</p> <p>Integración activa dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.</p>

	<p>Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza/aprendizaxe.</p>
INCLUSIVA	<p>No proceso de ensinanza aprendizaxe temos en conta que todo o alumnado participe, aprenda e aporte algo valioso por medio de diversas estratexias e dinámicas.</p> <p>Garantimos a participación de todo o alumnado con igualdade e equidade, así como de toda a comunidade educativa.</p> <p>Aseguramos o traballo en equipo mediante a corresponsabilidade, coplaneación, coensinanza e coavaliación.</p> <p>Asegurámonos que todos e todas os alumnos e alumnas experimenten os seus logros.</p>
AUTONOMÍA NA APRENDIZAXE	<p>Parte do principio de favorecer a maior participación do alumnado na calidade da súa aprendizaxe. Concrétase nos seguintes aspectos:</p> <p>A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.</p> <p>A gradación das actividades, cuxa xerarquización varía segundo a natureza de cada programa e que sempre aparecen en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e de autonomía.</p> <p>A énfase nos procedementos e nas técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.</p> <p>Programación cíclica, perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa e selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.</p>
PARTICIPATIVA	<p>Consideramos os alumnos e alumnas como axentes activos de construción do seu propio coñecemento, empregando as actividades lúdicas como impulsoras da aprendizaxe, promovendo o diálogo co</p>

	<p>obxectivo de confrontan ideas nun ambiente de respecto e tolerancia, fortalecendo a cohesión grupal e promoveremos o pensamento crítico, a conciencia en si mesmo e do seu entorno, a escoita tolerante e o diálogo e o debate respectuoso.</p>
TRABALLO DAS HABILIDADES SOCIAIS	<p>O progresivo acceso a formas de, conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a formación en habilidades sociais. Esta contéplase na presentación explícita do traballo no ámbito emocional e social e na oferta de proxectos de contido cívico, en que a solución de problemas conduce á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia...</p>
EDUCACIÓN EMOCIONAL	<p>A educación emocional ensina ao alumnado a controlar e a xestionar as súas emocións. Cando se traballan as emocións na clase conséguese que o alumnado estea mais motivado. Ademais de ser cognitivamente mais eficaces, potenciar a concentración, a percepción e a intuición e ser emocionalmente mais felices.</p>

Elementos transversais*

FOMENTO EN TODAS AS ÁREAS	
Comprensión lectora	A educación para a paz
Expresión oral e escrita	Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable
Comunicación audiovisual	Educación para a saúde
Competencia Dixital	Educación afectivo-sexual
Fomento da creatividade	Prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos da vida persoal, familiar e social
Fomento do espírito	Sustento da liberdade, xustiza, igualdade, o

científico	pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito
Fomento do emprendemento	Evitar comportamentos, estereotipos e contidos sexistas e os que supoñan
Promover a igualdade entre mulleres e homes	Dende a consellería fomentárase as medidas para actividades que afiancen o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

**Artigo 16. Puntos 9, 10 e 11 e Artigo 17. do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

13 . LIBROS DE TEXTO:

CURSO	ÁREA	TÍTULO	ISBN	LINGUA
		EDITORIAL		
1º	INGLÉS	GO FAR! 1 STUDENT'S PACK . Ed. Richmond (libro) GO FAR! 1 ACTIVITY PACK (Cuadernillo)	978-84-668-3653-1 978-84-668-3661-6	INGLÉS INGLÉS
1º	RELIXIÓN	LANIKAI 1. RELIGIÓN CATÓLICA.2018 VÍCENS VIVES	978-84-682-8315-9	CASTELÁN



1º	GLOBAL	1PRI CINCO EN RAIÁ. Situacións de aprendizaxe integradas SANTILLANA	978-84-9185-535-4	
2º	INGLÉS	GO FAR! 2 STUDENT'S PACK . Ed. Richmond GO FAR! 2 ACTIVITY PACK SANTILLANA	978-84-668-3654-8 978-84-668-3662-3	INGLÉS INGLÉS
2º	RELIXIÓN	LANIKAI 2. RELIXIÓN CATÓLICA.2022 VÍCENS VIVES	978-64-682-9209-0	CASTELÁN
2º	GLOBAL	2PRI Cinco en raia. Situacións de aprendizaxe integradas 2023 SANTILLAN	978-84-9185-706-8	

3º	INGLÉS	GO FAR! 3 STUDENT'S PACK GO FAR! 3 ACTIVITY PACK SANTILLANA	978-84-668-3655-5 978-84-668-3663-0	INGLÉS
3º	RELIXIÓN Non mercar, esperar ata setembro	LANIKAI 3.RELIGIÓN CATÓLICA. 2019 VÍCENS VIVES	978-84-682-8316-6	CASTELÁN
3º	LENGUA	3PRI LENGUA Construyendo mundos Mochila Ligera SANTILLANA	978-84-680-7201-2	CASTELÁN
3º	LINGUA	3PRI LINGUA Construíndo mundos SANTILLANA	978-84-9185-409-8	GALEGO
3º	MATEMATICAS	3PRI MATEMATICAS Construyendo mundos Mochila Ligera SANTILLANA	978-84-680-7136-7	CASTELÁN
3º	NATURAIS	3PRI CC. DA NATUREZA Construíndo mundos SANTILLANA	978-84-9185-410-4	GALEGO
3º	SOCIAIS	3PRI CC. SOCIAIS Construíndo mundos SANTILLANA	978-84-9185-416-6	GALEGO
4º	INGLÉS	GO FAR! 4 STUDENT'S PACK GO	Non mercar, banco de libros no cole	INGLÉS

		FAR! 4 ACTIVITY PACK (cuadernillo) SANTILLANA	completo. 978-84-668-3664-7	
4º	LENGUA	4PRI LENGUA Construyendo mundos SANTILLANA	978-84-144-0738-7	CASTELÁN

4º	LINGUA	4PRI LINGUA Construíndo mundos SANTILLANA	978-84-9185-705-1	GALEGO
4º	MATEMÁTICAS	4PRI MATEMATICAS Construyendo mundos SANTILLANA	978-84-144-0769-1	CASTELÁN
4º	NATURAIS	4PRI CC. DA NATUREZA Construíndo mundos SANTILLANA	978-84-9185-692-4	GALEGO
4º	SOCIAIS	4PRI CC. SOCIAIS Construíndo mundos SANTILLANA	978-84-9185-698-6	GALEGO
4º	RELIXIÓN Non mercar, esperar ata setembro	LANIKAI 4 RELIGIÓN CATÓLICA 2023. VICENS VIVES	978-84-682-9210-6	CASTELÁN

5º	INGLÉS	GO FAR! 5 ACTIVITY PACK GO FAR! 5 STUDENT'S PACK SANTILLANA	978-84-668-3665-4 activity pack 978-84-668-3657-9 Student's pack	INGLÉS
5º	LENGUA	LENGUA 5- ANAYA	978-84-143-0192-0	
5º	LINGUA	LINGUA 5 - ANAYA	978-84-143-0225-5	
5º	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 5 CONSTRUYENDO MUNDOS 2023 SANTILLANA	978-84-680-714-04	CASTELÁN
5º	NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 5 - ANAYA	978-84-143-0308-5	GALEGO
5º	SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 5 - ANAYA	978-84-143-0400-6	GALEGO
6º	INGLÉS	GO FAR! 6 ACTIVITY PACK	978-84-668-3666-1 activity pack	INGLÉS

		GO FAR! 6 STUDENT'S PACK SANTILLANA	978-84-668-3658-6 Student's pack	
6º	LENGUA	LENGUA 6 ANAYA	978-84-143-2183-6	

6º	LINGUA	LINGUA 6 ANAYA	978-84-143-2217-8	
6º	MATEMÁTICAS	CONSTRUYENDO MUNDOS 2023 SANTILLANA	978-84-144-077-21	CASTELÁN
6º	NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 6 ANAYA	978-84-143-2348-9	GALEGO
6º	SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 6 ANAYA	978-84-143-2374-8	GALEGO

14. AVALIACIÓN

Datas das sesións de avaliación para o curso 2024-2025:

Avaliación Inicial: 8 de outubro 2024		
1ª AVALIACIÓN (1º trimestre)		
10 de decembro 2024	Educación Infantil	16:00h
	1º ciclo(1º/ 2º EP)	18:00h
17 de decembro 2024	2º ciclo (3º / 4ºEP)	16:00h
	3º ciclo (5º / 6º EP)	18:00h
2ª AVALIACIÓN (2º trimestre)		
1 de abril 2025	1ºciclo (1º/2º EP)	16:00h
	Educación Infantil	18:00h
8 de abril 2025	3º ciclo (5º/ 6º EP)	16:00h
	2º ciclo (3º/ 4ºEP)	18:00h
3ª AVALIACIÓN E ORDINARIA (3º trimestre)		
23 de xuño 2025	Educación Infantil	09:30h
	1º ciclo (1º/2ºEP)	11:30h

24 de xuño 2025

3º ciclo (5º/6ºEP)

11:30h

SESIÓNS DE AVALIACIÓN:

As cualificacións deberán estar cargadas no XADE antes das 14:00h do día da sesión de avaliación.

Débense tomar as sesións de avaliación con responsabilidade no camiño de axudar a progresar ao noso alumnado.

As cualificacións das especialidades deberán ser comunicadas á mestra titora con suficiente antelación para a preparación da sesión de avaliación. Lembrase que a avaliación é GLOBAL.

A sesión de avaliación é canalizada pola mestra titora cara ao equipo docente.

A avaliación é moito mais que a cualificación: cualificar non é avaliar; cualificar é etiquetar. A cualificación é un proceso unidireccional, mentres que a avaliación debe ser un proceso de retroalimentación mutuo, que vaia en ambas direccións.

A avaliación enfocarase especialmente en dar solución ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Prestarase especial atención ao alumnado que obtivo cualificación negativa na 1º e/ou 2ª avaliación e o seu progreso nas seguintes 2ª e/ou 3ª avaliación, así como as medidas que se adoptaron para reforzar os contidos non acadados. A Xefa do Departamento de Orientación xunto ao equipo docente, unido ás perspectivas do equipo docente do propio grupo, aconsellará segundo a normativa, diferentes camiños para a mellora do alumnado que precise axuda.

As sesións de avaliación estarán recollidas en acta e velarase polo cumprimento dos acordos tomados en cada sesión.

A decisión final da superación do ciclo ou etapa realizarase baixo o consenso de todo o equipo docente con especial relevancia ao dito pola mestra titora tendo en conta os criterios de promoción e á consecución das Competencias Clave.

ESPECIAL ATENCIÓN:

A cualificación da 3ª avaliación será a propia do período que engloba o terceiro trimestre.

A cualificación ORDINARIA será a MEDIA PONDERADA (non aritmética), é dicir, unha cualificación que contemple o esforzo, a actitude e o espectro emocional fronte á

materia xunto coa nota numérica das 3 avaliacións anteriores entendéndose a propia avaliación coma un proceso CONTINUO, GLOBAL E FORMATIVO.

As medias aritméticas serán calculadas aproximando ao valor maior. Exemplo 8,5 ou 8,75 serían 9. Este criterio aplícase tamén para as cualificacións por debaixo de 5.

Obxectivos de Etapa de Educación Infantil

- a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d. Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e. **Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.**
- f. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h. **Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.**
- i. Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Áreas de Educación Infantil

- Comunicación e Representación da Realidade
- Crecemento en Harmonía
- Descubrimento e Exploración da Contorna

Competencias Clave

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia plurilingüe (CP)

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería
*STEM
 - Competencia dixital (CD)
 - Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
 - Competencia cidadá (CC)
 - Competencia Emprendedora (CE)
 - Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)
- *STEM: Science, Technology, Engineering and Maths*

Finalidade da Educación Infantil

Contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

Obxectivos da Etapa de Educación Primaria

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c. Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d. **Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.**

- e. Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f. Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m. **Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.**
- n. Desenvolver hábitos cotiás de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas

Áreas de Educación Primaria

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Ciencias da Natureza (CCN)	3	2	3	2	3	2
Ciencias Sociais (CCSS)	2	3	2	3	2	2
Educación en Valores Cívicos e Éticos (EVCE)						1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Educación Plástica e Visual (EPV)	1	1	1	1	1	1
Lingua Castelá e Literatura (LCL)	4	4	4	4	4	4
Lingua Estranxeira (LE)	2	2	3	3	3	3
Lingua Galega e Literatura (LGL)	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Proxecto Competencial / Relixión	1	1	1	1	1	1
Totais	25	25	25	25	25	25

Competencias Clave (CCL)

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia plurilingüe (CP)
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería
*STEM
- Competencia dixital (CD)
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- Competencia cidadá (CC)
- Competencia Emprendedora (CE)
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

*STEM: Science, Technology, Engineering and Maths

Finalidade da Educación Primaria

A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como o de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

Documentos e informes de avaliación en Educación Primaria

1. Actas de avaliación
2. Expediente académico
3. **Historial académico**
4. Informe final de etapa
5. **Informe persoal por traslado**

**Artigo 26. Decreto 155/2022 de 15 de setembro. Currículo Primaria Galicia.*

Tarefas Extraescolares "Deberes"

Disposición adicional cuarta. Decreto 155/2022 de 15 de setembro. Currículo Primaria Galicia.

As tarefas extraescolares na etapa de Primaria terán que seguir necesariamente as seguintes pautas:

Alumnado:

- Desenvolvemento axeitado das CCL
- Atender ao ritmo de aprendizaxe do alumnado e ao seu progreso.

Recomendación sobre tempo de realización (implica que a/o docente se axuste):

1º ciclo:
O alumnado non debería estar máis de 30 minutos/día para facer as tarefas da escola. Sempre se valorará caso por caso, pondeuse daccordo familias e titora. Segundo para qué tarefas será necesaria a presenza dun adulto acompañando na realización da tarefa. Non excederán os 30 minutos.

2º ciclo:

Terán como finalidade apuntalar ou reforzar os procedementos necesarios para acadar as competencias. Crearán hábitos de estudo e de traballo. En coordinación co equipo docente, as tarefas **non excederán os 40-50 minutos** diarios. *As familias deben dar independencia pouco a pouco.*

- 3º ciclo:

As tarefas extraescolares deben ser competenciais e polo tanto desenvolver todas as competencias clave. As familias deben fomentar a autonomía na realización das tarefas, polo que o alumnado realizaralas de maneira independente. Aínda que determinadas tarefas favorecerán a participación activa das familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe, polo que, cando así se lle indique, tamén serán partícipes das mesmas. Deberán respectarse os tempos de lecer do alumnado e tamen a axeitada conciliación familiar. As tarefas plantexadas determinaranse máis pola súa calidade que pola cantidade e adaptaranse a diversidade. Como tempo aproximado adicado a realización das tarefas establécense que **non excederán os 60 minutos/ día.**

Encaixe adecuado nas familias:

- Facilitar a participación activa das familias.
- Adecuada conciliación familiar.
- Respectar os tempos de lecer do alumnado.

Valores:

- Fomento da responsabilidade do alumnado:
- Formación e autonomía.
- Cultura do esforzo e do traballo

Perfil de saída do alumnado ao rematar o ensino básico



OBJETIVOS DE DESARROLLO SOSTENIBLE



Competencias clave + Retos do século XXI + Obxectivos de sustento sostible:

1. Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.
2. Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorar as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgar criticamente as necesidades e os excesos e exercer un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.
3. Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.
4. Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.

5. Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.
6. Analizar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada.
7. Cooperar e convivir en sociedade abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.
8. Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
9. ***Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.***

A vinculación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, ao chegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, pola súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxes significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérese garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída, saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida.

15. TRANSPORTE ESCOLAR:

O servizo de transporte escolar do Ceip Fontes-Baiña do concello de Baiona é un servizo integrado.

Empresa: UTE LUGOVE.

2 Itinerarios:

- ✓ **Itinerario nº 1. RUTA: BAÍÑA IGREXA – O BURGO**

PARADAS: Baiña Igrexa, Baixa cruceiro, Alte Fontaín, O Burgo

A recollida do alumnado iníciase as 08:25 h na parada do Burgo.

Número de alumnado transportado: 54

✓ **Itinerario nº 2. RUTA: A FONTE – ROCAMAR PISCINA**

PARADAS: A Fonte, Baredo Cruceiro, Portelos, Cabreiros, Igrexa, Igrexa, Carballo, Baredo (Outeiro), Rocamar Torre, Rocamar Piscina.

A hora de recollida do alumnado iníciase ás 08:30 na parada A Fonte.

Número de alumnado transportado: 45

As familias cubren as autorizacións coa identidade das persoas que recolle ao alumnado nas paradas. Unha copia destas autorizacións son entregadas por cursos nunha carpeta ás acompañantes do autobús. Así como os partes de incidencias que deberán cubrir e comunicar á dirección do centro na maior brevidade posible. As acompañantes do autobús comprobán que o alumnado sube ao autobús e se coloca no seu asento asignado. Velan pola boa conduta do alumnado durante o percorrido dentro e entregan personalmente ao alumnado as súas familias un por un.

16. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNAS E ALUMNOS (ANPA)

A directiva da ANPA do CEIP Fontes Baiña está composta polos seguintes membros:

POSTO	NOME E APELIDOS	ALUMNADO NO CENTRO
Presidencia	Ana M. ^a Alar Prado	2º de E. Primaria
Vicepresidencia	M. ^a Del Carmen Agón Figueiro	5º de E. Primaria
Secretaría	M. ^a Isabel Valverde Chamorro	5º de E. Primaria
Tesoureira	Lucía Mijón Pazo	3º E 6º de E. Primaria



Vogal 1	Isabel Pérez Vila	2º de E. Primaria
Vogal 2	Almudena Misa Álvarez	1º e 5º de E. Primaria
Vogal	Miriam De La Fuente Pérez	4º E. Infantil e 1º E. Primaria

Plan de actividades da ANPA proposto para o curso 2024/2025

- Asemblea Xeral ordinaria cos socios e socias de inicio de curso (setembro de 2024).
- Colaboración no acondicionamento do novo comedor situado no salón de actos do edificio principal.

As actividades que non acadaron o número mínimo de alumnado apuntado foron Teatro, Música e movemento e a aula madruga.

- Xestión do servizo de comedor escolar co Grupo Galego Arelas Catering S.L.U.
- Excursión para as familias á Illa de San Simón o domingo 20 de outubro de 2024, subvencionado polo programa + Convivencia da Deputación de Pontevedra.
- Difusión das actividades lúdicas, culturais e deportivas do Concello.
- En colaboración co centro educativo realización do proxecto **“O noso cole: unha fonte de igualdade”** gracias a unha subvención recibida de **Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia**.
- Colaboración na festa do Magosto.
- Compra dos agasallos de Nadal por clases e colaboración na festa de Nadal.
- Achega económica para as fotos ou as orlas de fin de ciclos (infantil e primaria) .
- Colaboración na festa de fin de curso do centro.
- Asistencia a cursos de formación sobre a xestión das ANPA.
- Asistencia ás asembleas de socios/as de Favalmi.
- Comunicación coas ANPA doutros centros educativos de Baiona.
- Solicitud de subvencións a distintas administracións públicas.
- Reunións con empresas de actividades, xestións bancarias, renovación de convenios.

Actividades extraescolares de outubro á maio-xuño de 2024:

DÍA	ACTIVIDADE	QUENDA	ESPAZO
LUNS	INGLÉS	16:00 h – 17:00h	Aula de Inglés
LUNS	ROBÓTICA LEGOS	17:00h-18:00h	Aula de RC
MARTES	DEBUXO E PINTURA	16:00 – 17:30h 17:00 – 18:00h	Aula ANPA

MÉRCORES	INGLÉS	16:00h – 17:00h	Aula Inglés
	FÚTBOL	16:00h - 17:00h	Pavillón exterior
	BALONCESTO	17:00h – 18:00h	cuberto
XOVES	PATINAXE	16:00h – 17:00h	Pavillón exterior cuberto
VENRES	PISCINA	16:30h – 17:15h	

Regulamento de organización do comedor escolar no curso 2024/2025

O servizo de comedor escolar constitúe un recurso imprescindible para a comunidade escolar posto que axuda a conciliar a vida familiar e laboral das familias. Ademais, representa un recurso pedagóxico inestimable porque favorece a independencia e a responsabilidade do alumnado e fomenta a solidariedade e a convivencia.

A ANPA xestiona o comedor a través dun servizo de catering prestado polo Grupo Gallego Catering Arelas S.L.U. con máis de 35 anos dedicados ao servizo de comida en comedores escolares, universidades e a diferentes empresas. Nos comedores escolares que atende, serve diariamente un menú equilibrado e cunha achega nutricional adecuada á actividade física e ao desenvolvemento de preto de 1400 alumnos e alumnas. Os menús están dispoñibles na seguinte ligazón: <http://cateringarelas.com/menus-escolares/>.

O catering encárgase da xestión total do comedor, polo que as altas ou baixas de usuarios e usuarias débesele comunicar directamente á empresa por teléfono ou por correo electrónico e cubrir un impreso que se pode descargar da páxina web do centro. No dito impreso figuran os datos bancarios para o cobro das mensualidades, os datos persoais, os días de asistencia e as alerxias que cumprirá xustificar a través dunha copia do informe médico.

As faltas de asistencia ao comedor deberán de comunicarse o día anterior antes das 17.00 h.

O servizo do comedor desenvólvese de luns a venres, en horario de 14:00 a 16:00 h, no salón de actos-comedor situado na planta baixa do edificio principal do centro.

Co fin de mellorar o uso e a convivencia no comedor escolar, establécense unhas normas referentes ao comportamento do alumnado durante o tempo no que emprega este servizo. A ANPA convida as familias a coñecer estas normas e comentalas cos seus fillos e fillas na casa e agradece a colaboración de todos e todas para acadar o mellor ambiente posible, mellorar o uso e a convivencia e promover unha alimentación saudable.

- Entrar de forma ordenada e sen berrar.
- Deixar as mochilas e os abrigos de xeito ordenado no moble habilitado para tal fin.
- Seguir as normas establecidas e obedecer as persoas encargadas do servizo do comedor.
- Respectar as instalacións, o mobiliario e facer un uso axeitado destes.
- Respectar os lugares establecidos para cada comensal, agás outras indicacións das persoas responsables.
- Traballar hábitos de hixiene antes e despois das comidas (lavado de mans previo e cepillado de dentes posterior).
- Adquirir bos hábitos de alimentación.
- Manter a mesa limpa e en orde na medida do posible.
- Falar nun ton de voz axeitado.
- Logo do xantar e ata a recollida por un dos proxenitores ou por unha persoa autorizada (a partir das 15.30 h), ou ata o comezo das actividades extraescolares, o alumnado deberá respectar as normas establecidas polo persoal encargado do servizo do comedor.

Lembramos ás familias que para facer uso do comedor escolar é necesario ser socio/a da ANPA. A cota por familia (15 €) poderá pagarse por transferencia na conta da Anpa indicando no concepto o nome e apelidos do alumno/a.

17. PLANS ANUAIS DE CENTRO

→ PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións que podemos desenvolver para adecuada resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

Ao comezo de cada curso, o departamento de orientación elabora a proposta da concreción anual deste plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da Programación Xeral Anual. **Artigo 11.4 do D 229/2011, do 7 de decembro e artigos 74, 75 e 76 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.**

No presente documento recóllense as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver clasificadas en ordinarias e extraordinarias, o profesorado responsable de cada actuación, o alumnado a quen van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

TIPO	MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN PREVISIBLE
ORD	Enriquecemento curricular	Titora	Alumnos AACC	Todo o curso
ORD	Reforzo educativo	Titora/profesorado das distintas áreas	Alumnado con dificultades	Conforme a evolución do alumno.
ORD	Diversificación e adecuación de instrumentos, tempos	Titoras/profesorado das distintas áreas	ANEAE	Todo o curso

TIPO	MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN PREVISIBLE
ORD	Plan específico de reforzo para alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.	Profesorado das áreas correspondentes	Alumnado con áreas non superadas	Conforme a evolución do alumno. A criterio do profesor.
ORD	Actuacións promotoras da convivencia	Equipos docentes / orientadora/ xefa de estudos /dirección	Comunidade educativa	Todo o curso.
ORD	Desenvolvemento integrado no currículo da competencia social, persoal e de aprender a aprender, educación en valores/proxecto competencial	Titoras	Todo o alumnado	Todo o curso
ORD	Atención educativa-convivencia.	Profesorado de garda	Alumnado disruptivo	Todo o curso
ORD	Traballo conxunto na aula co profesorado adscrito ao área ou titora do grupo, colaborando con este último/a segundo as súas indicacións e	Profesorado con dispoñibilidade horaria asignado a este fin.	Alumnos EP	Conforme ás necesidades do alumnado

	colaborando e coordinándose no traballo de aula.			
ORD	Outras actuacións: metodoloxía, organización de espazos, diversificación de recursos, etc	Profesorado das distintas áreas	Alumnado EI/EP	Todo o curso
ORD	Adecuación das programacións didácticas	Profesorado das distintas áreas, titoras	Alumnado EI/EP	Todo o curso
ORD	Programa de habilidades e competencias sociais	Profesorado do centro.	Alumnado EI/EP	Todo o curso
EXT	Apoio AL	Profesora AL	Alumnado dislalia, retraso da linguaxe, TEL	Conforme a evolución do alumnado
EXT	Apoio PT-AL	Profesores PT-AL	ANEAE	Conforme a evolución do alumnado
EXT	Colaboración no RE co profesorado da área.	Profesorado de PT-AL	Alumnado con RE	Conforme a evolución do alumnado
EXT	Adaptacións curriculares	Xefa estudos-orientadora-titoras prof. PT/AL/de áreas	ANEE	Todo o curso
EXT	Colaboración co profesorado e prestación de servizos para a	ATE- Coidadora	Alumnado de EI / EP con nee	Todo o curso

	asistencia e formación do alumnado que corresponde.			
EXT	Estudo dos alumnos de 6º EP, intervención no ámbito matemático, lectura e escritura e seguimento deste alumnado ata remate da EP	Centro educativo	Alumnado de 6º EP	Iniciado no curso actual ata o remate da escolarización destes alumnos en 6º EP.
EXT	Flexibilización do periodo de escolarización	Titora, xefa de estudos, orientadora, EOE.	Alumnado con altas capacidades ou alumnado con necesidades educativas especiais	Conforme a evolución do alumnado
EXT	Atención ao alumnado que presenta dificultades para a asistencia continuada ao centro educativo	Dirección, xefa de estudos, orientadora e familia	Alumnado E.P.	Pode ser necesario durante este curso escolar
EXT	Atención ao alumnado procedente do estranxeiro	Profesorado do centro	Alumnado E.I. e E.P.	Durante todo o curso.

Departamento de Orientación:

Constituído na reunión de adscrición do profesorado cos seguintes membros:

- ❖ Mestre de apoio á Educación Infantil e Coordinadora de Educación Infantil: Jennifer Rodríguez Bastos
- ❖ Titora de 1º Ed. Primaria: Eva Casado Couto
- ❖ Titora de 2º Ed. Primaria: Lorena Caperán Rodríguez
- ❖ Titora de 3º Ed. Primaria: Inés Cebreiro Balboa.
- ❖ Titora de 4º Ed. Primaria: Celia Abella Fernández
- ❖ Titora de 5º Ed. Primaria: María Gallo Mosquera /Guillermo Sánchez González
- ❖ Titora de 6º Ed. Primaria: Mónica Salgueiro Rial /Beatriz Ramilo Estévez
- ❖ Mestras de P.T.: . Mª Lourdes Fdez. Ruiz e Rocío González Pérez
- ❖ Mestre de A.L.: María Jesús González Alonso (Acude a este centro os luns, martes e xoves)
- ❖ Xefa do Departamento de Orientación: Noelia Fernández Colmenero

O Departamento de orientación do centro ten como referente nas súas actuacións a seguinte normativa:

- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa, desenvolvida no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.
- **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro** polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- **Orde do 30 de maio do 2023** pola que se desenvolve o **Decreto 150/2022 de 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa

educativa.

- **Orde do 26 de maio do 2023**, pola que se desenvolve o **Decreto 155/2022 de 15 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.
- **PROTOCOLOS de educonvives.gal**, para guiar a actuación do profesorado proporcionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como unha ferramenta para desenvolver o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.

CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO:

O departamento de Orientación do CEIP Fontes Baiña está adscrito ao departamento de orientación do IES "1º DE MARZO". No intercambio de información sobre o alumnado dos dous centros adscritos hai unha estreita colaboración. Ao finalizar a etapa da Ed. Primaria realízase unha xuntanza entre os dous departamentos de orientación, entregándose as orientacións e os informes finais de etapa correspondentes.

OBXECTIVOS para o curso 2024/2025:

- ◆ Facilitar a inclusión dos alumnos no seu grupo/aula, fomentando o desenvolvemento de actitudes de cooperación e respecto cara os demais, empregando o diálogo na resolución pacífica de conflitos, prácticas restaurativas, mediación e ferramentas de xestión das emocións.
- ◆ Organizar a atención ao alumnado con N.E.A.E.
- ◆ Valorar as necesidades educativas do alumnado, deseñar, desenvolver e avaliar programas de intervención.
- ◆ Detectar as necesidades específicas de apoio educativo (N.E.A.E.) do alumnado do xeito máis temperá posible, deseñando intervencións das dificultades de desenvolvemento ou aprendizaxe que poidan presentar a través de intervencións individuais ou colectivas (grupo de alumnado proposto polas respectivas titoras) de aula sempre coa autorización das familias.

- ◆ Contribuír á individualización dos procesos de ensinanza- aprendizaxe.
- ◆ Colaborar co profesorado do centro na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares (AA.CC.).
- ◆ Revisar e implementar do Plan de Acción Titorial (P.A.T.) buscando unha maior coordinación coas titoras e desenvolvendo con estes liñas comúns de actuacións, sempre dentro do marco da concreción curricular.
- ◆ Información e asesoramento ao profesorado e as familias.
- ◆ Elaborar documentos informativos para o profesorado, familias e alumnado.
- ◆ Establecer boas e fluídas relacións coas familias co fin de facilitar un nexo cada vez máis estreito entre o centro e as familias, a través de entrevistas, intercambio bidireccional de información, reunións..., establecendo para elo unhas determinadas horas de atención no horario do profesorado responsable da orientación no centro.
- ◆ Implicar ás familias nas actividades de apoio, aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas. Facilitándolles documentos informativos sobre técnicas de estudos, descansos, uso da TV, afectación por separación de pais, actuacións diante de condutas non axeitadas dos seus fillos no centro, ...
- ◆ Facilitar ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- ◆ Contribuír ao principio de prevención e desenvolvemento do alumnado coma persoa en toda á súa dimensión e en relación co seu contexto.
- ◆ Propiciar o desenvolvemento do Plan de Convivencia con actividades específicas a nivel titorial, grupal, de todo o centro e de toda a comunidade educativa.
- ◆ Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e a resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do Plan de Convivencia do Centro.
- ◆ Asesorar aos equipos de ciclo e profesorado en xeral nos procesos de

axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas AC.

- ◆ Solicitud de intervención do EOE cando sexa preciso o seu asesoramento.
- ◆ Asesorar e axudar ás familias coa xestión das solicitudes de bolsas N.E.A.E. Entrega das bolsas en IE.

ACTIVIDADES:

O departamento de orientación proporá actividades contando coa colaboración das titoras e dos mestres e mestras especialistas do centro.

- Asesoramento ás familias en xeral e en particular a aquelas que teñen fillos ou fillas con N.E.A.E., sobre o desenvolvemento e demais temas que poidan axudarlles no ambiente familiar.
- Propostas á xefatura de estudos dos Reforzos Educativos que puidera precisar o alumnado dentro da aula por presentar dificultades de aprendizaxe por desfase curricular, falta de hábito de traballo e/ou dificultade de atención.
- Elaboración de informes psicopedagóxicos ao alumnado que o precise e avaliación dos mesmos.
- Elaboración de Informes do alumnado cando as familias o requiran (previa petición con rexistro de entrada no centro): para solicitudes de becas, solicitudes de axudas da lei de dependencia, para revisións médicas e para todos aqueles asuntos que favorezan a mellora do desenvolvemento persoal e da calidade de vida dos seus fillos e fillas.
- Reunións semanais do equipo para realizar o seguimento dos apoios impartidos ao alumnado con N.E.A.E., organizar o traballo en equipo e analizar o grao de desenvolvemento que vai acadando o alumnado.
- Reunións co equipo docente do alumnado que poida amosar condutas disruptivas para elaborar pautas ou estratexias para a modificación desa conducta que se poidan utilizar na aula, favorecendo unha adecuada atención á diversidade.
- Elaboración de Informes necesarios para a solicitude dos distintos recursos humanos que se precisen para a atención e o apoio aos A.N.E.A.E.: pedagogía

terapéutica, audición e linguaxe, así como dos recursos de medios materiais.

- Organización e seguimento dos apoios das especialistas en P.T. e A.L.
- Información e asesoramento ás familias do alumnado con N.E.A.E.
- Información e asesoramento ás familias en procesos de separación ou xa separados, a petición dos titores ou titoras ou por petición dos mesmos ao ver que estes feitos poden estar afectando aos/ás seus/súas fillos/fillas.
- Mantemento do inventario de material do departamento, que será actualizado cando se produzan novas adquisicións e que se dará a coñecer ao claustro de profesores/as.
- Revisión e actualización de probas diagnósticas do departamento.
- Solicitudes de intervención do E.O.E. se fosen precisas (coa autorización da familia).
- Revisións e seguimento dos Plans de Convivencia, Plan de Acción Titorial e Plan Xeral de Atención á Diversidade.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN;

- ❖ Seleccionar e deseñar novas prácticas.
- ❖ Presentar actitudes favorables ó cambio, implicando a toda a comunidade educativa
- ❖ Localizar recursos e proporcionar materiais que favorezan a consecución das competencias básicas do alumnado
- ❖ Establecer metas, obxectivos e expectativas claras que se poidan desenvolver no curso escolar.
- ❖ Valorar as necesidades, capacidades e recursos cos que conta o centro.
- ❖ Avaliar as prácticas de ensinanza/aprendizaxe que se están desenvolvendo no centro, intentando guiar a práctica docente cara estratexias que fomenten a aprendizaxe cooperativa para unha mellor resposta á inclusión.
- ❖ Buscar a colaboración e cooperación do profesorado en tódalas iniciativas que se poidan levar a cabo, facendo especial fincapé nas accións titoriais e de desenvolvemento das actividades.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN:

De conformidade co art. 75 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, o seguimento da concreción anual do PXAD realizarase trimestralmente por parte do departamento de orientación.

Na memoria final do departamento reflectiranse os seguintes puntos:

- Nivel de consecución dos obxectivos.
- Valoración dos esforzos de cada alumno/a en función das súas capacidades.
- Observación das necesidades atopadas e as modificacións que foron precisas introducir.
- Satisfacción da comunidade educativa.
- Propostas de mellora

RECURSOS:

Recursos materiais

- Materiais elaborados polo propio centro.
- Materiais elaborados polas editoriais.
- Materiais elaborados polos grupos de traballo dos centros de formación do profesorado.
- Materiais elaborados pola Consellería de Educación.
- Existencias dispoñibles no centro: audiovisuais, biblioteca, material funxible, tic, etc.

Recursos persoais

- Profesorado titor/a.
- Profesorado especialista do centro.
- Profesorado especialista do Departamento de Orientación.
- Equipo directivo.
- Equipo de Orientación Específico.
- Asesores do CFR.
- Membros das institucións: Servizos sociais do Concello, asociacións, ANPA, CIM.

CONCLUSIÓN:

Con este plan de actividades preténdese dar un enfoque comprensivo ao feito educativo cumprindo dende a acción orientadora e educativa, flexibilidade, adaptándonos ás características dos alumnos/as e partindo dos seus coñecementos e saberes, funcionalidade de xeito que poidan aplicar o que saben á vida diaria, cooperación e comunicación entre tódolos axentes que interveñen nos procesos de ensino/aprendizaxe.

→ **PLAN DE IGUALDADE**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA DO CENTRO
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO, E COA LGBTIQ+
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN
 - 4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES
 - 4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
 - 4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO.SEXUAL
 - 4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIQ+
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN
 - 5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO
 - 5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES
 - 5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO
 - 5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

INTRODUCCIÓN

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducación implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e é un reflexo do que ocorre na sociedade. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real.

Teremos en conta as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que están a funcionar no centro, que son as seguintes:

- Volver a nomear dentro do Consello Escolar unha persoa responsable en materia de igualdade.
- Activación de protocolos e medidas de intervención cada vez que se produzan condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.

- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTIQ+
- No noso Proxecto Educativo deberemos incluír a coeducación como marca de identidade.
- Realización de actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIQ+).
- Participación do centro en órganos consultivos ou de decisión para a prevención da desigualdade e da violencia machista.
- Participación en Plans de formación permanente do profesorado onde se traballe de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero etc

1. CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA DO CENTRO.

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e

especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

No ámbito estatal o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

Deste xeito, calquera órgano con competencias relacionadas coa educación pode exercer unha importante influencia en cuestións que atinxen á consecución da igualdade de xénero. O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes establece:

Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes

Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece:

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.

Artigo 23. Actitudes.

Artigo 24. Formación do persoal docente.

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.

Ademais da normativa legal no noso centro a través dos plans e documentos do centro, como son o Plan de Convivencia, NOF, Plan de Acción Titorial, Proxecto Educativo e Programacións temos en conta os seguintes aspectos relacionados coa igualdade de xénero:

- Accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prever a violencia de xénero e a LGBTIfobia.
- Accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prever a violencia de xénero e a LGBTIfobia).
- Especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIQ+

Moitas das medidas dentro da igualdade de xénero son difíciles de aplicar no noso contexto debido á desigualdade na plantilla do persoal docente e non docente que temos actualmente:

- Dos 18 mestres, tres son homes.

- 1 Coidadora.
- 1 Conserxe.
- 3 coidadoras comedor
- 2 acompañantes transporte escolar

Polo que a representación do profesorado nos distintos órganos de xestión é difícil.

En canto ao alumnado, cando facemos os grupos inténtase manter o mesmo número de nenos ou nenas nas dúas aulas.

3. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN.

4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva
- Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado, tanto de educación primaria e secundaria como de Formación Profesional, unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Formación, a través das Escolas de Nais e Pais e doutros axentes socio-educativos relacionados, da necesidade de potenciar os talentos persoais como referentes en todos os ámbitos en pé de igualdade.
- Visibilizar roles non marcados na orientación educativa e profesional.

4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

- Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes..., que actúe a

favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.

- Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).
- Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.
- Investigación e orientacións en materia de convivencia no que respecta á diversidade de xénero e afectivo, sexual, así como á igualdade e non discriminación.
- Elaboración de programas educativos enfocados ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais co fin de identificar condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.
- Elaboración de protocolos de actuación para dar resposta ás necesidades dos centros (prevención, identificación, atención, denuncia) co fin de atender as súas realidades.
- Correlación con outros programas e protocolos en materia de diversidade e convivencia, tanto dentro da propia CCEOU como con outros axentes socio-educativos, sanitarios e de benestar.
- Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais e con xustiza.
- Orientacións para favorecer a non-discriminación e a eliminación de estereotipos na reforma e creación de novos espazos: perspectiva de xénero na organización e no aproveitamento dos espazos.
- Fornecemento de programas e materiais sobre a socialización preventiva da violencia de xénero baseados en evidencias científicas.

4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLO DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.

- Elaboración e posta a disposición dos centros educativos de todos os niveis de materiais e orientacións para a abordaxe da educación afectiva e sexual desde o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.
- Colaboración con axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa galega, independentemente do nivel e réxime de escolarización.
- Establecemento de ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas.

4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.

- Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos.
- Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos
- Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.
- Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).

- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Ofertar materias específicas de igualdade de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.

5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

A través dun sistema de indicadores realizarase un seguimento das medidas previstas neste Plan o que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Nos cadros que se expoñen a continuación atópanse as medidas incluídas no plan cos seus correspondentes indicadores. Posto que cada unha das medidas pode estar comprendida en máis dun obxectivo, na última columna indícase o eixe e obxectivo nos que se aplica, indícase o eixe e obxectivo nos que se aplica.

MEDIDA	INDICADOR
Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborada: si /non • Revisada: si/non
Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> • N° de materias revisadas por curso
Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.	<ul style="list-style-type: none"> • N° de accións realizadas en centros educativos para promover a imaxe das mulleres • N ° de alumnos participantes • % de alumnas participantes
Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación desde o respecto e a integración da igualdade	<ul style="list-style-type: none"> • N° de accións realizadas
Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos do	<ul style="list-style-type: none"> • Documento de pauta

centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.	elaborado: si /non • Revisada: si/non
Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos.	• N.º de accións únicas • N.º de profesoras participantes • N.º de profesores participantes • N.º de accións realizadas dentro doutras máis xerais
Realización de talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.	• Nº de talleres/actividades educativas realizadas • N ° de alumnos/as participantes • % de alumnas participantes

Co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos, tras a análise e a valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares.

➔ **PROXECTO LINGÜÍSTICO 2023-2027**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. MARCO LEGAL
3. LINGUAS A EMPREGAR NOS DOCUMENTOS DE CENTRO
4. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO
5. OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA
6. ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

7. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS
8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS
9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS
10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
11. AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

En Galicia, como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o

seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, seguindo para iso o marco delimitado pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

No curso 2019/2020 foi revisado este Proxecto Lingüístico, tendo como base o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Este traballo foi levado a cabo pola directora do centro.

Este curso 2023/2024 revisamos o novo Proxecto Lingüístico, en base ao Decreto 79/2010, do 20 de maio. Este traballo foi realizado pola dirección e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo.

Este proxecto remitiráselle ao servizo da inspección educativa, que velará para que o seu contido se axuste ao decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

- En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados

polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

-En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 10 de febreiro de 2014** que desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, ten por obxecto regular os distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas do ensino non universitario.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3. LINGUAS A EMPREGAR NOS DOCUMENTOS DO CENTRO

Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais

entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.

As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

➤ Localización do centro

O ceip Fontes-Baiña está situado no concello de Baiona na parroquia de Baiña.

➤ Situación sociolingüística

Para determinar a situación lingüística do centro, consideramos pertinente recoller información de toda a comunidade educativa a través dunhas enquisas que foron tomadas con algunhas modificacións das Guías Prácticas para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos que enviou aos centros a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Como resultado destas enquisas bastante completas e da propia observación directa, podemos concluír que unha gran maioría do noso alumnado é castelán falante.

O resultado da pregunta aos pais/nais titores/as ou representantes legais do/a alumno/a do curso 2024-2025 son os seguintes:

-4º Ed. Infantil: de 11 alumnos/as, 4 familias manifestan que a lingua que se fala na familia é o castelán, 3 o galego e 4 ambas.

-6º Ed. Infantil: de 16 alumnos/as , 9 familias manifestan que a lingua que se fala na familia é o castelán, 4 o galego, 2 as dúas linguas e 1 o castelán e o francés.

-1º EP: de 19 alumnos/as, 2 familias manifestan que a lingua que se fala na familia é o galego, 2 o galego, 2 as dúas linguas e 1 o castelán e o inglés.

-2º Ed. Primaria: de 18 alumnos/as, 1 familia manifesta que a lingua que se fala na familia é o galego, 15 o castelán e 1 as dúas linguas.

-3º Ed. Primaria: de 19 alumnos/as, todas as familias manifestan que a lingua que se fala na familia é o castelán.

-4º Ed. Primaria: de 17 alumnos/as, 1 familia manifesta que a lingua que se fala na familia é o galego, 15 o castelán e 2 as dúas linguas.

-5º Ed. Primaria: de 14 alumnos/as, 2 familias manifestan que a lingua que se fala na familia é o galego, 10 o castelán e 2 as dúas linguas.

-6º Ed. Primaria: de 17 alumnos/as, 2 familias manifestan que a lingua que se fala na familia é o galego, 13 o castelán e 2 as dúas linguas.

5. OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Continuar promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos...
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.

- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escea pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador. Promocionar as festas tradicionais galegas.

6. ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs...
- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.
- Informar ao profesorado en xeral sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas para estes.
- Visita a lugares de interese da comarca programando algunha excursión anual.

- Visitas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico e cultural.
- Revisión e corrección de comunicados, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial.
- Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación.
- Participación en concursos literarios (tanto a nivel escrito como orais) que se consideren de interese e promocionen a lingua galega.
- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego.
- Recuperación de xogos populares
- Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores e contacontos sempre en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro.
- Realización de actividades de contacontos, por parte do alumnado e familias.
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.
- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- Realización de exposicións de obxectos antigos co fin de dar a coñecer o noso pasado e costumes.
- Visitas de persoas maiores ao centro para dar a coñecer traballos ou oficios tradicionais.
- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.

- Recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, sortes, vocabulario, fraseoloxía...

7. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

7.1. Humanos

- Todo o profesorado do centro

Colaboración con:

- ANPA.
- Concellería de Educación e Cultura do concello de Baiona.
- Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega.

7.2. Materiais

- Biblioteca creativa e bibliotecas de aula.
- Un ordenador, proxector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas de Ed. Infantil e Primaria.
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS

8.1. Educación Infantil.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará, no momento da matrícula aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado sobre a lingua materna do seu fillo/a. Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

8.2. Educación Primaria

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

É importante destacar que segundo as Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: *"O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia"*.

Así mesmo, o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 16 indica que *"os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe"*. Ademais, no tocante a impartición da lingua estranxeira, o citado Decreto reflexa o seguinte; *"As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral."*

Tendo isto en conta, o 50% das materias impartiranse en galego e o 50% en castelán. Na materia de lingua estranxeira priorizarase o uso desa lingua e as linguas oficiais só se utilizarán como apoio. As linguas nas que se impartirán as diferentes áreas reflíctense no cadro adxunto.

Áreas	Curso					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	G	G	G	G	G	G
Lingua castelá e literatura	C	C	C	C	C	C
Matemáticas	C	C	C	C	C	C
Ciencias sociais	G	G	G	G	G	G
Ciencias da natureza	G	G	G	G	G	G
Lingua estranxeira						
Música e danza	G	G	G	G	G	G
Educación Plástica e visual	G	G	G	G	G	G
Educación física	C	C	C	C	C	C
Relixión/ Proxecto competencial	C	C	C	C	C	C
Educación en valores cívicos e éticos						C

En **1º,2º,3º,4º,5º E 6º de E. Primaria** impartiranse en galego as seguintes materias:

L.GALEGA

CIENCIAS SOCIAIS

CIENCIAS NATURAIS

MÚSICA E DANZA

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

RELIXIÓN/PROXECTO COMPETENCIAL

9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro paso na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este acudirá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores que teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso. Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais.

Por outra banda, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

No plano organizativo, teremos en conta os seguintes criterios:

- O alumnado inmigrante e estranxeiro integrarase nas aulas correspondentes, á espera de ser avaliado o seu grao de coñecemento dalgunha das linguas oficiais.
- Determinación polo orientador/a do centro, da necesidade de recibir unha atención específica, ou no seu caso unha adaptación da programación para o logro paulatino das competencias lingüísticas nas linguas oficiais.
- Apoio individualizado na aula do titor ou titora, utilizando no inicio da súa escolarización preferentemente unha das linguas cooficiais onde se sinta con máis soltura o alumno/a e progresivamente introduci-lo no uso das demais linguas do currículo .
- O profesorado prestará especial atención as dúbidas de comprensión idiomática que presente o alumnado, tanto no referido ás explicacións do persoal docente como as que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.
- Flexibilización dos contidos curriculares.

- Atención individualizada por parte de diferente profesorado do centro que realiza funcións (sempre que o horario o permita) de reforzo educativo.
- Fomentar a súa integración e interacción co grupo-clase.
- Se o alumno/a cursa 5º ou 6º de Primaria poderá estar exento da lingua galega ata dous cursos.

Entendemos que deberemos traballar os aspectos máis formais na primeira lingua, centrándonos máis na oralidade e nos aspectos máis informais e funcionais nas outras linguas. Isto suporá:

- Dar maior importancia ás destrezas orais.
- Utilización de textos da vida cotiá.
- Intentar que sempre estea presente o enfoque comunicativo.
- Integra-la utilización das TICs nas tarefas habituais.

Utilizarse como lingua vehicular o galego ou o castelán en función da que resulte máis próxima ou que represente unha menor dificultade para o uso no ámbito familiar. A decisión adoptarse consultando coa familia e de acordo coa mesma.

10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de Dinamización da Lingua Galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a) e por un equipo de profesorado.

Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega.

O equipo de Dinamización da Lingua Galega do noso centro educativo, está formado polos seguintes mestres:

- 11.a. EVA FERNÁNDEZ REINALDO (**Coordinadora**)
- 11.b. MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ALONSO
- 11.c. MARÍA LOURDES FERNÁNDEZ RUIZ
- 11.d. ANDREA MONTES GONZÁLEZ

11. EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA

A orde do 10 de febreiro de 2014 que desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, ten por obxecto regular os distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas do ensino non universitario. Deste xeito, O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos. Segundo consta no artigo 4 da citada orde, os deberes do alumnado exento serán os seguintes:

1. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.
2. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.
3. O incumprimento por parte do alumno ou da alumna do establecido no punto anterior determinará a revogación da exención, logo dos informes pertinentes e unha vez oída a persoa interesada ou, de ser o caso, os seus proxenitores, titores ou representantes legais.

4. A revogación ou denegación da exención producirán como efecto para o alumnado a obriga de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atope.

5. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, de ser o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

O prazo de presentación da solicitude empezará o 1 de setembro de cada ano e rematará o 5 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de educación primaria.

A resolución sobre a concesión ou a denegación da exención realizarase no prazo máximo de dez días hábiles a partir da presentación da documentación completa.

12. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso
- Cambios autorizados pola consellería no caso de modificación na impartición de materias de lingua estranxeira.

O proxecto EDLG do CEIP Fontes Baiña renovouse o 7 de novembro do 2023.

A directora:

Noelia Fernández Colmenero.

A coordinadora EDLG

Eva Fernández Reinaldo

➔ **PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

MEMBROS DO EQUIPO:

Celia Abella Fernández (Coordinadora)

Rocío González Pérez

Cristina Bermúdez Domínguez

As actividades extraescolares veñen indicadas a ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024-2025 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

OUTUBRO

Día Mundial dos Docentes (5)

Día Internacional da Nena (11)

Día das Bibliotecas Escolares(24) **coordinado polo equipo de biblioteca**

Samaín (30) **coordinado polo equipo EDLG**

NOVEMBRO

Día Universal da Infancia (2) **coordinador polo EACE**

Magosto (8) **coordinado polo EACE**

Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25) **coordinado polo equipo de convivencia**

DECEMBRO

A Constitución (do 30 de Novembro ao 7 de Decembro)

Día Internacional das persoas con discapacidade (3) **coordinado polo equipo de convivencia**

Día da Declaración Universal dos dereitos Humanos (10)

Nadal **coordinado polo equipo de BC, o EACE e a mestra de MÚSICA.**

XANEIRO

Día Internacional da Educación (24)

Día escolar da Non Violencia e da Paz (30) **coordinado polo EDLG**

FEBREIRO

Día Internacional da Muller e da nena na ciencia (11)

Día de Rosalía de Castro (23)

MARZO

Entroido (3,4 e 5) **coordinado polo EACE**

Semana da Prensa (Do 10 ao 14)

Día Internacional da muller (8) **coordinado polo equipo de BC**

Día Mundial dos dereitos do consumidor (15)

Día internacional dos Bosques (21)

Día internacional da Poesía (21)

Día Mundial do Síndrome de Down (21) **coordinado polo equipo e convivencia**

Día mundial da auga (22)

ABRIL

Día das Artes galegas (1)

Día Mundial da concienciación sobre o autismo (2) **coordinado polo equipo de convivencia**

Día mundial da saúde (7)

Semana do Libro (do 21 ao 25) **coordinado polo equipo de BC**

Día Internacional da Nai Terra (22)

Día mundial do libro (23) **coordinado polo equipo de BC**

MAIO

Día internacional do Acoso Escolar (2) **coordinado polo equipo de convivencia**

Día de Europa (9)

Semana das Letras Galegas (do 12 ao 16) **coordinado polo equipo de BC**

Día das Letras Galegas (17) **coordinado polo equipo de BC**

XUÑO

Día Mundial do Medio ambiente (2)

Día Mundial dos Océanos (8)

CONMEMORACIÓNS A CELEBRAR A NIVEL CENTRO (en xeral)

-DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES (24 de outubro).

entrega de mochilas viaxeiras e de igualdade ás aulas.

-SAMAÍN (30 de Outubro)

-Cada curso de Educación primaria inventará unha historia de medo para posteriormente contala cun teatrillo.

-Exposición de cabazas.

-Xornada de disfraces terroríficos.

-MAGOSTO (8 de novembro)

Saída ao monte "Chan da Lagoa"

-DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA (20 de novembro)

Espectáculo Estrafalaria no salón de actos.

-VIOLENCIA DE XÉNERO (25 de novembro)

-NADAL

Propostas:

- Festival coordinado pola mestra de Música coa axuda dos titores (actuacións por ciclos).

- Decoración de aulas e espazos.

- Tarxetas de Nadal relacionadas co proxecto anual.

- Árbore de Nadal.
- DÍA DA PAZ (30 de Xaneiro)**
- ENTROIDO(28 de febreiro)**
 - Desfile de Disfraces polas rúas da vila.
- DÍA DA MULLER (8 de Marzo)**
- DÍA DO SÍNDROME DE DOWN (21 Marzo)**
- **DÍA DO AUTISMO (2 Abril)**
- **DÍA DO LIBRO (23 de Abril).**
- **DÍA DO ACOSO ESCOLAR (2 Maio)**
- **LETRAS GALEGAS (17 de Maio)**

Todas estas propostas iranse revisando ao longo do curso e poderanse tomar outras decisións. *O profesorado do centro organizará o seu traballo a través dos equipos.*

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

SAÍDAS PREVISTAS:

- 1.-**ACTIVIDADES AFUNDACIÓN:** Solicitaranse as actividades de artes escénicas que sexan presenciais para tódolos cursos.
 - 2.-**Posible VISITA AO MUSEO DO MAR DE VIGO.**
 - 4.-**VISITA AO MUSEO LISTE.**
- *Ao longo do curso realizaranse outras saídas que vaian xurdindo e que neste momento aínda non están programadas.
5. **EXCURSIÓN FIN DE CURSO:**

O alumnado de 6º EP xunto co alumnado do mesmo curso dos centros educativos CPI Cova Terreña, CEP Sabarís e CEIP Belesar, os días 16, 17 e 18 de xuño de 2025 acudirá ao complexo turístico-deportivo "O Corgo" situado en Muíños (Ourense).

CONVIVENCIA E FESTA DE FIN DE CURSO.

A festa de fin de curso organizarase en colaboración coa ANPA no centro.

➔ PLAN DA BIBLIOTECA CREATIVA

En base a resolución do 2 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docente non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2024-2025; os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un Plan de lectura, que se concretará cada curso escolar nun Plan Anual de Lectura e un Plan de Biblioteca.

Seguindo as instrucións recibidas dentro do PLAN DE BIBLIOTECA e tras analizar as actuacións levadas a cabo no curso anterior, recollemos as actuacións para o curso 2024-2025 nos seguintes ámbitos:

1.1. En relación coa organización e xestión (automatización e organización da colección, incluídos os recursos electrónicos seleccionados); provisión de recursos, en distintos soportes e formatos; servizos bibliotecarios básicos; mecanismos para a difusión; mecanismos para a difusión da información; espazos dixitais (páxina web, blog ou presenza nas redes sociais); persoa designada como responsable da biblioteca escolar; equipo de apoio; usos e horarios de apertura (en tempo lectivo e non lectivo).

- Realizar unha formación ao inicio do curso tanto para o profesorado que se engada ao equipo como para o que xa formase parte do equipo en anos anteriores.

- Seleccionar, organizar e catalogar os fondos da biblioteca a través do programa KOHA de forma máis constante e ensinar aos novos mestres que forman parte do equipo.
- Actualizar os fondos da biblioteca tendo en conta o noso alumnado con necesidades educativas especiais.
- Ampliar as entradas á web do centro.
- Contar con voluntarios e voluntarias ,de sexto, pero dende inicio de curso.
- Continuar coa "*Biblio Patio*" todos os días. O alumnado de 5º e 6º será o encargado baixo a coordinación do profesorado responsable. Sempre que as condicións atmosféricas o permitan.

Organización e xestión:

Neste curso o equipo conta con 6 membros das diferentes etapas presentes no centro así como na especialidade de Lingua Inglesa e dúas coordinadoras, unha da parte TIC e outra de Biblioteca. Coordinaranse 1 vez ao mes os martes en horario de tarde (16:00-17:00).

MEMBROS

Inés Cebreiro Balboa
Jennifer Rodríguez Bastos
Francisco Javier Rodríguez Cisneros
Azucena Díaz Pérez
Eva Casado Couto (coordinadora de Biblioteca)
Mónica Salgueiro Rial (coordinadora TIC) /Beatriz Ramilo Estévez

Uso e horarios de apertura

A nosa biblioteca creativa estará aberta de 8:50 a 13:50 en horario lectivo e de 16:00 a 18:00 en horarios de tarde. Creouse un horario para reservar 1 hora semanal a cada aula pero despois hai horas libres nas que cada curso pode escoller para ir cando o necesite.

Provisión de recursos:

Na aula de Espazo Creativo contamos con varias zonas:

- Espazo de biblioteca, distribuída en zona de narrativa, poesía, banda deseñada, libros de consulta, teatro, música e idiomas.
- Pared de LEGO
- Croma
- Cricut maker
- Zona de ordenadores
- Armario de robótica
- Espazo de polos creativos co material correspondente.

Mecanismos de difusión da información

Todos os meses nos reunimos o equipo de biblioteca para preparar as actividades que se levarán a cabo, para organizar as conmemoracións que nos corresponden e para traballar no mantemento e organización da biblioteca creativa: selección de material novo, catalogación, expurgo...

Todas as actividades e iniciativas levadas a cabo serán difundidas a través do Abalar móbil e publicadas na web do centro.

Espazos dixitais

Dentro da páxina web do centro contamos cunha sección para a biblioteca creativa na cal vamos informando e expoñendo o noso traballo.

1.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución e ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

- Seguir ampliando os materiais de carácter informativo en formato dixital.
- Traballar a Alfabetización Informacional **-ALFIN-** para que aprendan ónde buscar información e saiban se os resultados obtidos son reais ou non. Isto permitiralles aplicar os novos coñecementos de maneira ética na vida.
- Crear un taboleiro con enlaces de interés e APP educativas que lles permitan o acceso a actividades educativas e lúdicas relacionadas coa lectura e a linguaxe.
- Continuar coa coordinación cos equipos de Actividades Extraescolares, Dinamización lingüística e Convivencia.

O equipo de Biblioteca Creativa ao longo do presente curso pretende realizar as seguintes tarefas:

1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none">- Avaliación das necesidades do profesorado e alumnad@ en materia TIC.- Mantemento básico de equipos.- Establecemento das normas da aula TIC e dos equipos informáticos.- Actualización da páxina web do centro e do blogue da biblioteca- Catalogación de libros- Posta en marcha das mochilas viaxeiras- Acto de inauguración da Biblioteca Creativa (24 de Outubro)- Creación dun horario de uso da Biblioteca Creativa- Actualización do blogue da biblioteca- Poñer en marcha a árbore das recomendacións lectoras- Decoración da biblioteca polo Nadal- Creación do tríptico das recomendacións lectoras de nadal.- Continuar coas propostas de Biblú
2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none">- Mantemento básico de equipos- Actividades en formato taller propostas polo equipo en función dos resultados da avaliación do 1º trimestre- Dinamización da páxina web do centro e do blogue da biblioteca- Catalogación de libros- Lecturas compartidas- Bibliopatio
3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none">- Mantemento básico de equipos.- Actividades en formato taller propostas polo equipo para os diferentes cursos do centro.- Festexar a semana do libro.

- Avaliación final do Plan de Biblioteca Creativa
- Elaboración da memoria final do Plan de Biblioteca Creativa
- Dinamización da páxina web do centro e do blogue da biblioteca
- Catalogación de libros
- Creación do tríptico das recomendacións lectoras de verán.

•3. En relación coa formación de persoas usuarias e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información incluída na actual "competencia dixital").

Ofrecer a formación básica para a formación de novos usuarios e usuarias a través de dúas actuacións concretas: profesorado (manexo do koha, localización dos fondos, rexistro e catalogación) e alumnado.

Continuar coa liña de traballo TIC en colaboración co equipo.

1.4.En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Plan de lectura .

- Continuaremos coas "Lecturas compartidas" entre o alumnado dos diferentes niveis.
- Continuaremos cos "Apadriñamentos lectores" entre o alumnado do noso centro e o alumnado do IES 1º de marzo, expertos no tema; sempre e cando eles poidan vir.
- Fomentar as tertulias literarias, previstas para o actual curso, actuación de éxito recoñecido a nivel europeo. Mediante a lectura de clásicos adaptados a cada idade, esta actividade favorece o enriquecemento do vocabulario e da expresión oral do noso alumnado.
- Realizar a interpretación e dramatización dalgún conto.
- Velar polo cumprimento da hora de ler (entregar calendario mensual, avaliación con cada titoría, etc.) .
- Consensuar a través da CCP un itinerario lector que sexa enriquecedor e estable no tempo.
- Aumentar o número de fondos para a sección destinada ao profesorado.

- Potenciar aquelas actividades que teñen un impacto positivo no noso alumnado: mochilas viaxeiras, mochilas da igualdade, hora de ler, apadriñamento lector, conta contos, etc.
- Fomentar obradoiros e actividades temáticas: concursos de narrativa, certames, arte, poesía, teatro, etc.

1.5. Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro.

- Encher ao noso alumnado de experiencias ricas a nivel cultural: visitas de autores/as, saídas a exposicións, visitas á Biblioteca Municipal de Baiona, obradoiros, concursos, etc.
- Potenciar a realización de diferentes actividades en colaboración con outras bibliotecas escolares de outros colexios da contorna.

O noso proxecto desenvolverase ao longo de todo o curso mediante a integración do **Proxecto Lector**, o **Plan Anual de Lectura**, o **Proxecto de Dinamización Lingüística**, o **Plan de Igualdade** e o **Plan de Convivencia** do centro. O profesorado traballará de xeito conxunto dividido en catro equipos: Extraescolares, Convivencia, Dinamización Lingüística e Biblioteca creativa, facendo achegas para cada unha das datas sinaladas a traballar. Logo dunha reunión conxunta, decidiranse de xeito consensuado as actividades a realizar dende 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria.

6. Criterios e procedemos de avaliación indicadores e instrumentos a utilizar.

Encuestas ao profesorado e ao alumnado.

Reunións co claustro sobre as actividades levadas a cabo.

Reunións de equipo.

→ PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

1.-Introdución.

O CEIP Fontes-Baiña é un centro educativo de E. Infantil e Primaria que se atopa no Concello de Baiona. A meirande parte do noso alumnado vive nas parroquias de Baredo e Baiña. Moitos deles quedan a xantar no comedor do colexio, actividade organizada pola ANPA. A materia de Educación Física, principal implicada nesta promoción, demanda das familias e o resto do Claustro unha implicación e colaboración para levar a cabo todo este plan. Sin esta coordinación sería complicado levalo a cabo.

2.- Análise do contexto.

O colexio como, xa dixemos no punto anterior, atópase no interior do Concello de Baiona, nun ambiente rural. A maioría do alumnado chega ao centro transportado en dous autobuses. A meirande parte son de familias autóctonas da zona e incluso os pais e nais foron alumnos e alumnas do centro. En xeral, colaboran na medida do posible tanto nas actividades académicas como nas lúdico-deportivas.

En xeral, teñen un bo hábito de vida saudable e de hixiene persoal fomentado tamén polas familias e polo profesorado. A alimentación é variable dependendo do día da semana e o descanso diario por regra xeral respétase dentro do ámbito familiar, se non fora así repercutiría negativamente no rendemento escolar do noso alumnado.

Dentro do horario lectivo o alumnado de Ed. Infantil ten unha sesión de Psicomotricidade semanal onde se traballan a través dos xogos as habilidades perceptivas, as habilidades motrices básicas, o esquema corporal, os sentidos e outras destrezas. O alumnado de Ed. Primaria ten dúas sesións semanais, en quinto e sexto traballamos as habilidades específicas, as actividades predeportivas e deportes adaptados e de primeiro a cuarto; xogos, habilidades motrices básicas e as destrezas propias desas idades. Ao final das sesións de Ed. Física o alumnado traballa a súa hixiene corporal de forma autónoma. Para iso, o alumnado leva unha camiseta e unha toalla pequena, para asearse e mudar a roupa suada. De 3º a 6º de primaria tamén utilizan un desodorizante.

Ademáis, o colexio está dentro do Programa Xogade, polo que traballaremos dentro da xornada lectiva actividades impartidas por monitores e monitoras externos, de diferentes disciplinas como atletismo, bádminton, volleyball, balonmán... xa sexa no noso centro como noutro fóra. Tamén virán deportistas de relevancia a ensinarnos a realizar a súa actividade deportiva ou impartir charlas.

Dentro das actividades complementarias, na celebración do Magosto, faremos unha caminata a un espazo natural chamado Chan da Lagoa. Faranse actividades de orientación e recolleremos todo o lixo antes de voltar ao colexio. Cabe destacar que hai tres actividades que están institucionalizadas que ao noso alumnado lles gusta moito e tentaremos repetilas neste curso:

- Xornada de Xogos Populares para cuarto curso de Ed. Primaria co resto dos centros educativos de Val Miñor. Xornada lúdica e de convivencia que se fará durante unha xornada lectiva completa.
- Escola de Surf de Patos. Durante unha xornada lectiva completa o alumnado recibe unha formación inicial teórico-práctica referida ao deporte surfeiro. Actividade para o alumnado de terceiro a sexto de Ed. Primaria.
- Danza das Espadas: protagonizada polo alumnado de sexto de Ed. Primaria no que se traballa o folclore tradicional e a expresión dinámica. Farase o derradeiro día de curso a modo de despedida deste alumnado do colexio.

Tentaremos neste curso facer algunha actividade coa Escola de Vela de Baiona e conservar a actividade da Festa de Auga ao final de curso.

No tocante as relacións do centro con outras asociacións, destacar que o centro facilita os espazos deportivos para as actividades extraescolares con monitores externos de tenis, fútbol sala, patinaxe e baloncesto organizadas polo Concello de Baiona e a ANPA. Así mesmo ditas instalacións tamén son empregadas polas distintas asociacións deportivas que o solicitan, por exemplo, a de fútbol sala.

En canto ás instalacións, hai que destacar ao ximnasio como lugar ideal para a realización das sesións xa que posúe un tamaño idóneo e ten una boa acústica e o chan de tarima flotante para poder desenvolver distintas actividades no chan. Aínda así, podemos dicir que necesita a construción dun aseo e, ademáis, a reparación das fiestras e un pintado interior xeral. As luces poderíanse cambiar por unhas de tipo LED. Por outra banda, o campo cuberto necesita unha reforma integral debido a que presenta humidades, placas rotas e unha gran deficiencia en accesibilidade tanto para o alumnado de curta idade como para alumnado e xente con discapacidade física. Tamén é necesario a construción de vestiarios e aseos en dito campo cuberto. Para finalizar este apartado, o pavimento do campo ao aire libre é moi antigo, sendo moi perigoso para a integridade do alumnado xa que é moi lesivo en caso de caída. Polo tanto, a construción dun novo chan sería moi recomendable non só para a súa utilización nas clases de EF, senón tamén para os recreos dos rapaces e rapazas.

3.- Obxectivos. Indicadores de logro.

3.1.- Obx. : Conseguir que o alumnado sea consciente da importancia da práctica lúdico-deportiva e participe nas actividades propostas no centro educativo, respetando as normas en todo momento.

Ind.: Todo o alumnado.

3.2.- Obx.: Fomentar unha dieta variada e saudable así como hábitos de hixiene diarios implicando a toda a comunidade educativa.

Ind.: A totalidade do noso alumnado.

3.3.- Obx.: Respetar os tempos de descanso diario.

Ind.: A totalidade do alumnado.

3.4.- Obx.: Respetar as limitacións no tocante as destrezas e habilidades persoais, sobre todo no que se refire ao alumnado NEAE.

Ind.: Todo o alumnado.

4.- Avaliación e seguimento do Plan.

Ao longo do curso haberá unha avaliación contínua do Plan, un seguimento necesario para tentar que se cumpran os obxectivos propostos. Será unha avaliación flexible xa que o plan poderá ser modificado no senso que poderemos engadir actividades de interese que poderán ser propostas ao longo do presente curso escolar. Na memoria final de curso procederemos a difundir os logros, as necesidades e posibles cambios do plan. A difusión á toda a comunidade educativa (Claustro, Consello Escolar, AMPA) é importante para que calquer membro da mesma poda aportar novas ideas que enriquezan dito plan. O Plan Xeral Anual e a Memoria final serán os documentos normativos onde se procederá a difusión e avaliación deste Plan de Actividades Físicas e hábitos saudables.

➔ **PLAN ANUAL DE LECTURA (PAL)**

3.1. XUSTIFICACIÓN.

O Plan Anual de Lectura (PAL) que desenvolve o CEIP Fontes Baiña no curso 2024-2025 enmárcase na necesidade de mellorar a lectura e a comprensión lectora recollida na resolución do 2 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docente non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico presente.

O sector da poboación que acude ao noso centro maioritariamente ten un nivel sociocultural medio.

Neste curso escolar o equipo de dinamización da biblioteca está integrado por 6 persoas, posto que o equipo de TICS e de biblioteca traballaremos conxuntamente para unha mellor organización e uso da nova biblioteca creativa. A principio de curso analizaranse os hábitos lectores do noso alumnado. Unha vez obtidos os resultados poremos en marcha actividades que fomenten, incentiven e potencien a dinamización da biblioteca do centro. Somos conscientes de que a biblioteca é un lugar indispensable para resolver as dificultades e para acceder aos recursos

culturais e materiais. Así como un recurso infalible para mellorar as dificultades na expresión e comprensión lectora.

O Plan Anual de Lectura elabórase coa intención de mellorar as dificultades na expresión oral e comprensión lectora, así como enriquecer o vocabulario, o pensamento crítico, a imaxinación. Que o alumnado fomente autonomía, hábitos lectores e disfrute lendo.

3.2. OBXECTIVOS.

Obxectivos xerais:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse na vida.
- Lograr que o alumnado descubra a lectura como elemento de goce persoal.
- Fomentar o uso das TIC'S como instrumento de aprendizaxe aproveitando as posibilidades educativas que nos brindan.
- .Iniciarse na robótica, programación, legos.... Biblioteca Creativa.
- Coñecer, respectar e valorar o noso patrimonio literario, así como a biblioteca do centro, desenvolvendo unha actitude positiva cara á súa utilización.
- Descubrir valores e feitos compartidos da nosa sociedade por medio da lectura.
- Facilitar a información a todo alumnado.

Obxectivos para o alumnado:

- Descubrir as posibilidades que ofrece a lectura como fonte de pracer, disfrute e saber que lles axuda á organizar o seu tempo de lecer.
- Aumentar o interese da lectura dos libros ou textos a través do coñecemento das súas protagonistas.
- Apertar a imaxinación do alumnado á través das historias lidas e contadas.
- Motivar o coñecemento de determinados xéneros literarios infantís.

- Espertar no alumnado o interese por ler eles mesmos un conto narrado.
- Favorecer que o alumnado poida entrar nunha aventura na que el mesmo se converte en protagonista, a partir da identificación coas personaxes de ficción.
- Aprender a predicir e crear expectativas en torno ao que se vai a ler.
- Analizar textos escritos aprendendo a extraer a idea principal co obxectivo de favorecer a comprensión lectora.
- Adquirir estratexias de búsqueda de datos, ideas e conceptos dos textos.
- Desenvolver destrezas para mellorar a mecánica e a comprensión lectora.
- Enriquecer o seu vocabulario, favorecendo a expresión e comprensión (oral e escrita).
- Descubrir na lectura unha fonte de información do mundo que lles rodea.
- Desenvolver hábitos de consulta de textos como medio para ampliar coñecementos en relación cas áreas curriculares.
- Desenvolver a capacidade de atención, concentración a través das actividades relacionadas coa exactitude e velocidade lectora.
- Mellorar a competencia lectora a través de actividades relacionadas coa lectura expresiva.
- Aumentar o caudal de coñecementos e aprender a relacionalos coas lecturas das distintas áreas.
- Descubrir na lectura unha alternativa para gozar do tempo de lecer.
- Fomentar o análise e a reflexión dos textos amosando atención a aqueles que denotan calquera tipo de discriminación.
- Intercambiar e manifestar preferencias sobre os libros lidos.
- Reflexionar sobre os valores que nos transmiten os textos.
- Utilizar as TIC'S como instrumento de traballo para realizar actividades relacionadas coa expresión e comprensión escrita.
- Coidar e respectar os libros como patrimonio de todos e a biblioteca como espazo para aprender a través da lectura de libros en distintos formatos.
- Desenvolver no alumnado o uso autónomo e responsable da biblioteca da aula e de centro para que eles elixan o libro que máis adecúe aos seus intereses, respectando as normas de utilización.

Obxectivos para o profesorado:

- Constituír un equipo de biblioteca estable e un horario de atención para levar a cabo as actividades de biblioteca.
- Unificar criterios de traballo do profesorado para a realización e elaboración de recursos e actividades para o plan.
- Implicar e animar a todo o profesorado para o uso da biblioteca.
- Formar ao profesorado mediante cursos e actividades formativas.

Obxectivos para o resto da comunidade educativa:

- Potenciar a implicación das familias para aumentar o interese e motivación dos seus fillos pola lectura.
- Implicar aos pais, nais, avós ou familiares na lectura de contos.
- Relatar aos alumnos/as experiencias vividas polos maiores.

3. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS:

Actividades na hora da biblioteca durante a hora de ler.:

Estas actividades serán realizadas ao longo do todo curso escolar.

- Selección de libros para as bibliotecas tendo en conta as características psicolóxicas, pedagóxicas do alumnado e os aspectos curriculares.
- Organización da biblioteca de aula creando un espazo diferenciado.
- Dinamización das mochilas viaxeiras: cada clase conta con unha mochila viaxeira dentro hai libros de narrativa, poesía, cómic, inglés, un xogo, e un CD/DVD, tanto en galego como en castelán. Cada alumno/a levará a mochila 15 días para a casa.
- Realización de actividades de animación á lectura para despertar o interese polos libros.
- Visitas a determinadas web relacionadas coa animación á lectura.
- Difusión do uso de APPS educativas.
- Ler o xornal ou prensa analizando novas en cursos altos.

Actividades de lectura compartida:

Estas actividades levaranse a cabo ao longo do todo curso escolar.

- Lectura silenciosa ou compartida (20 minutos todos os días).
- Contacontos do alumnado doutros niveis.
- Lecturas compartidas co alumnado do centro.
- Bibliopatio na hora do recreo.

Actividades relacionadas co proxecto do centro:

Neste curso escolar vaise desenvolver o proxecto **“Os oficios tradicionais”**.

- Buscar información en enciclopedias, páxinas web, para ampliar coñecementos sobre o proxecto.
- Realizar actividades sobre a planificación da lectura; ideas previas sobre un texto, establecer os obxectivos (Para que se vai ler ?), establecer técnicas de comprensión (buscar datos, repasar, resumir etc.).
- Realizar actividades para a supervisión da lectura (re lectura, formular preguntas, etc.)
- Desenvolver actividades de auto avaliación da lectura (fomentar a auto comprensión, valorar os textos etc.).

Actividades puntuais:

- Diseñar actividades complementarias para animación a lectura tendo en conta as idades: contacontos propostos polos alumnos/as, contacontos propostos por axentes externos ao centro como as editoriais, etc.
- Celebrar as diferentes conmemoracións: día do libro, día das Letras Galegas, día das bibliotecas, día do libro infantil e xuvenil, etc.
- Participar en concursos literarios propostos polo centro ou asociacións...

Actividades para o alumnado con NEE e alumnado estranxeiro:

Tanto o alumnado con NEE como o alumnado estranxeiro con dificultades para a comunicación na nosa lingua ou dificultades na comprensión lectora participará nas mesmas actividades que o seus compañeiros e compañeiras, realizando as actividades oportunas e contando co soporte e axuda tanto do profesorado responsable da biblioteca, como os titores e titoras como o alumnado voluntario.

- Fomentar a participación na aula, seleccionando textos sinxelos adaptados para eles (uso dos pictogramas, tradución de textos en lingua de signos etc.)
- Propoñer textos que traballen valores coma a igualdade, a non discriminación, a multiculturalidade, etc.
- Sinalizar todas as estancias do centro con pictogramas.

Actuacións da biblioteca escolar do centro:

- Ofrecer recursos bibliográficos dixitais tendo en conta idades, intereses, motivacións ás bibliotecas de aula.
- Clasificar os libros por niveis para favorecer a súa localización.
- Realizar as tarefas de catalogación, etiquetado e organización dos fondos.
- Promover a súa utilización en horario lectivo, para ler como fonte de desfrute, de consulta, busca de información o para adquirir libros en calidade de préstamo.
- Fomentar o uso da biblioteca como espazo de traballo individual e colectivo.
- Diseñar e promover desde a biblioteca actividades animación para a lectura, plans de lectura para fomentar o goce por ler, etc.
- Elaboración de recursos como libros dixitais, cartafol de temas de interese, adaptación dos contos en lingua de signos. Etc..

Actuacións referidas as familias:

- Informar as familias sobre os plans de lectura do centro, proporcionando información para favorecer a creación de bos lectores.
- Solicitar a colaboración das familias para desenvolver as actividades do centro co fin de crear novos lectores.

3. 4. ITINERARIOS LECTORES

O itinerario lector é o recorrido literario que o alumnado realizará dende que entra en primeiro de Educación Primaria, ata que este sae do centro unha vez superado sexto de Educación Primaria. Como equipo de biblioteca

escolar do centro, consensuaremos o noso itinerario lector a través da CCP. Desta forma, todo o noso alumnado sairá do noso centro lendo os mesmos títulos ao longo da etapa de Educación Primaria.

Poñer os libros que piden as titoras:

1º Primaria: "Sherlock Tópez y el secuestro del oso" de Dolores Núñez.

"O cociñeiro Martiño e as cenorias desaparecidas" de Iago López

2º Primaria: Pimpollo "El perro influencer" Leducia Costas.

"Feliz Feroz". de El Hematocrítico.

3º Primaria: "Quen me quiere adoptar" de Fina Caslderrey.

"Kumamoto e os doce robóticos" de Xoán Babarro.

4º Primaria: "A señorita Bubble" de Leticia Costas.

" Pipi Mediaslongas" de Astrid Lindgren.

5º Primaria: "Prohibido leer a Lewis Carroll" de Diego Arboleda y Raul Sagospe.

"Escarlatina, a cociñeira defunta" Leticia Costas.

6º Primaria: "Nata y Chocolate" de Alicia Borrás.

"Unha nova dimensión" de Anxo Iglesias.

3. 5. RECURSOS:

RECURSOS HUMANOS:

Para a consecución do PAL compre contar coa colaboración de todo o claustro. Polo tanto, é preciso levar a cabo unha coordinación eficaz entre os distintos equipos: biblioteca escolar, equipo de dinamización da lingua, equipo de actividades extraescolares, equipo de convivencia contando co respaldo do equipo directivo. Dito isto, non podemos esquecer que o equipo de biblioteca deberá asumir o compromiso de organizar, por en marcha e dinamizar este PAL.

RECURSOS MATERIAIS:

- .Fondos bibliográficos: deben de renovarse ano tras ano. O equipo propondrá ao equipo directivo e ao claustro o listado de libros á adquirir tendo en conta os intereses e necesidades do alumnado, e

atendendo tamén a criterios para a selección dos diferentes fondos de cada sección.

- .Materias das editoriais: para o fomento de hábito lector e da comprensión lectora.
- .Medios informáticos e audiovisuais como fonte de información e aprendizaxe.

O equipo de biblioteca elaborará cartafoles e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas.

3. 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Este PAL deberá ser avaliado trimestralmente. Esta avaliación abordará aspectos como a propia posta en práctica do PAL, a consecución dos obxectivos, a implicación do profesorado e o alumnado e propostas de mellora. Ao remate do curso levarase acabo unha reunión dos coordinadores con xefatura de estudos onde se valorará:

- O grao de consecución dos obxectivos.
- O grao de satisfacción do profesorado.
- As dificultades encontradas aportando diferentes ideas.

Recolleremos información do alumnado, profesorado, familias e se realizarán novas propostas para o próximo curso.

➔ **PLAN TIC**

4.1.Introducción e xustificación do plan.

O Plan TIC é o plan marco para programar as actuacións encamiñada á introdución das novas tecnoloxías na aula, coa finalidade de que as TICs se incorporen como un recurso máis nos procesos de ensino-aprendizaxe, para que se produza un cambio metodolóxico neste; posto que, a aplicación das TIC ao traballo da aula, convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións, pola súa importancia social e o lugar preferente na vida dos nenos/as que as fan imprescindibles nos centros educativos, de modo que o alumnado adquira os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización.

A función do profesorado é axudar ao alumnado a adquirir os recursos necesarios para saber buscar e atopar a información que precisa, para integrala no coñecemento que xa ten adquirido e convertila en saber persoal. Para conseguilo precisamos recursos materiais e humanos.

Os **recursos materiais** cos que contamos son os seguintes:

- Todas as aulas de Ed. Infantil e as de 1º, 2º, 3º e 4º de Ed. Primaria contan cunha Pantalla táctil instaladas a finais do curso 2022-2023.
- A aula de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Inglés e a Biblioteca Creativa contan con pizarra dixital interactiva, equipo informático e con proxector.
- As aulas de relixión e música contan con pantalla branca, proxector e equipo informático.
- As aulas de 5º e 6º de EP contan con proxector, pizarra táctil e un ordenador.
- Na antiga biblioteca da planta baixa hai un equipo conectado a un proxector e pizarra branca e contamos tamén con 13 miniportátiles (cedidos polo CEIP Cova Terreña).
- Na sala do profesorado hai tres equipos a disposición do profesorado.
- Na sala de usos múltiples hai unha pantalla, un proxector e un equipo informático.
- Contamos cun Ipad, 12 tabletas do Programa Digicraft, dous ordenadores de mesa para alumnado e 16 Portátiles.

4.2. **Obxectivos**

- Seguir coa incorporación das TICs no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Traballar co alumnado a adquisición de coñecementos e habilidades necesarias para o uso das TICs.
- Fomentar o uso das TIC como compensador de desigualdades sociais e económicas.
- Favorecer o emprego das TIC nos mestres/as e o seu uso nas tarefas diarias do centro e da aula.

- Facilitar o acceso por parte dos alumnos NEAE nas tarefas de apoio e reforzo nas aprendizaxes.
- Iniciar ou profundizar, según o caso, na capacitación do alumnado para a busca de información e tratamento crítico da mesma, neste medio que é Internet (ALFIN/AMI).
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Dotar ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TICs.
- Capacitar aos alumnos para que coñezan os perigos da rede e como evitalos, podendo obter e manexar calquera información de modo seguro, xa sexa a súa propia ou de terceiras persoas.
- Como facer un uso responsable e correcto das novas tecnoloxías, para evitar problemas no futuro e sacarlle o máximo proveito.
- Coidado básico do material que empregamos e a responsabilidade de cada un para con eles.
- Potenciar as actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades e canles de difusión do centro: web, Abalar, Aula Virtual, blogs de centro.
- Fomentar o uso da páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.

4.3. Avaliación do plan

O obxectivo do PLAN TIC é comprobar o impacto e o grao de eficacia das TIC no ensino e os resultados no alumnado así como as dificultades que xurden ao longo do curso en materia TIC.

Para levar a cabo dita avaliación valorarase o grado de consecución dos obxectivos propostos nas actividades.

Asdo: Eva Casado Coutro
Coordinadora Biblioteca

Asdo: Beatriz Ramilo Estévez
Coordinadora do equipo TIC

Introdución

DATOS BÁSICOS DO CENTRO:

Tipo de colexio: Centro Público de Educación Infantil e Primaria Denominación:
C.E.I.P. Fontes Baiña

Código: 36014921

Enderezo: Fontes Nº 16, CP: 36.308, Baiña, Baiona (Pontevedra) Teléfonos:
886 15 10 81 / 886 15 10 82

Número de unidades creadas. 2 de Educación Infantil e 6 de Educación
Primaria Centro adscrito ao CEIP Fontes Baiña: IES 1º De Marzo Enderezo
electrónico: ceip.fontes.bainha@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfontesbainha/>

Etapas educativas que se imparten: Educación Infantil e Educación Primaria
Número de alumnado: 145

N.º profesorado: 18

CONTEXTUALIZACIÓN:

O CEIP Fontes Baiña é un centro de titularidade pública que está situado Na localidade de Fontes, parroquia de Baiña, a 2 quilómetros da vila de Baiona. Trátase dun centro dunha liña que recibe alumnado das parroquias de Baredo, Baiña e Baiona. Social e economicamente corresponden a familias modestas ou de clase media. As familias do alumando dedícanse maioritariamente a traballos relacionados co mar, a agricultura (zona de Baredo) e a industria (en Vigo), habendo unha porcentaxe de traballo estacional debido a que Baiona é unha vila turística de grande importancia. Domina neste medio o emprego do galego como lingua habitual de comunicación coas familias, aínda que a maioría do alumnado na escola emprega o castelán para comunicarse.

A relación entre as familias e o profesorado é cordial, hai unha colaboración mutua no proceso de ensino- aprendizaxe.

PROXECTOS:

A PXA (Programación Xeral Anual) xira entorno a un proxecto anual de centro, este curso traballa OS OFICIOS TRADICIONAIS GALEGOS.

O CEIP participa nos programas de éxito e innovación educativa Innova, Inclúe, Xogade, Inspira Steam. Solicitouse o programa PROA+.

Desenvolvemos o proxecto da ANPA: O NOSO COLE: UNHA FONTE DE IGUALDADE

O profesorado participa no PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado) seguindo dúas liñas: polos creativos e convivencia+ MARCO LEXISLATIVO:

Decretos autonómicos no que se recolle a obriga de inclusión do PD no Proxecto Educativo (para cada unha das ensinanzas):

Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 37.1. do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 35.1 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O que recollen ditos artigos é o seguinte:

“Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional a súa estratexia dixital a través dun plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións”

Na normativa de desenvolvemento dos anteriores Decretos, concrétese a estrutura, que como mínimo debe contemplar o PD, no seguinte articulado: Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 18 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 21 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

1. Contexto DAFO

1.1. Instrumentos de recollida de información previa

Ferramenta SELFIE

Para realizar este análise axudámonos da ferramenta SELFIE, unha ferramenta en liña gratuita que pretende axudar aos centros escolares a plantexarse cómo utilizan as tecnoloxías dixitais para lograr un aprendizaxe efectivo e innovador. Os resultados dan a coñecer qué está funcionando ben, en qué aspectos se necesita mellorar e cales deberían ser as prioridades do noso centro tendo en conta as opinións de profesorado, alumnado e equipo directivo.

Test CDD

Outra ferramenta que empregamos foi o Test de Competencia Dixital, do Marco Europeo de Referencia para a Competencia Dixital docente, que nos ofrece datos da competencia do profesorado neste ámbito.

A Lei Orgánica 2/ 2006 do 3 de maio de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro establece no seu artigo 2. l como un dos fins do sistema educativo español, a capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e o aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respetuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva. Asimesmo, no seu artigo 19, dispón como un dos seus principios pedagóxicos que, sen prexuício do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaránse en tódalas áreas.

No artigo 102, con respecto á formación permanente recolle que as Administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e a formación tanto en dixitalización como en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, establecendo programas específicos de formación nestes ámbitos. Finalmente, no seu artigo 111bis, establece diferentes aspectos sobre as Tecnoloxías da Información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe e no artigo 121 dise que o Proxecto Educativo de Centro recollerá asimesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artículo 111 bis.5.

Tamén se xustifica tendo en conta a disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 e a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
------	------------	-----------	------

Debilidade	Baixa competencia dixital	Alumnado	Non
Debilidade	Baixa competencia dixital	Familias	Non
Debilidade	Avaliación do progreso	Organización de centro	Non
Debilidade	Estratexia dixital	Organización de centro	Non
Debilidade	Retroalimentación axeitada	Persoal docente	Non
Debilidade	Avaliación das capacidades	Persoal docente	Non
Debilidade	Comentarios a outros alumnos e alumnas sobre o seu traballo (recibir Feedback)	Persoal docente	Non
Debilidade	Autorreflexión sobre a aprendizaxe	Persoal docente	Non
Fortaleza	Comportamento seguro e responsable	Alumnado	Non
Fortaleza	Verificar a calidade da información e outorgar recoñecemento ao traballo dos demais	Alumnado	Non
Fortaleza	Aprender a comunicarse	Alumnado	Non
Fortaleza	Uso de dispositivos comunicativos para a comunicación	Familias	Non
Fortaleza	Boa relación	Familias	Non
Fortaleza	Acceso a Internet	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Protección de datos	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Dispositivos dixitais para o ensino	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Asistencia técnica	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Infraestruturas dixitais	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Debate sobre o uso da tecnoloxía	Persoal docente	Non
Fortaleza	Intercambio de experiencias	Persoal docente	Non
Fortaleza	Comunicación coa comunidade educativa	Persoal docente	Non
Fortaleza	Colaboracións	Persoal docente	Non



Fortaleza	Recursos educativos en liña	Persoal docente	Non
Fortaleza	Predisposición á competencia dixital	Persoal docente	Non
Fortaleza	Consexe colaborador e estable	Persoal non docente	Non

Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Oportunidade	Impulso da administración do PD	Administración educativa	Non
Oportunidade	Facilidade na asistencia técnica	Administración educativa	Non
Oportunidade	Boa comunicación e implicación	ANPA	Non
Oportunidade	Asociación cultural de veciños con boa relación	Contorna	Non
Oportunidade	Asociación cultural de veciños	Contorna	Non
Oportunidade	Comunidade de montes con boa relación	Contorna	Non
Oportunidade	Lexislación de datos e licenzas de cita	Lexislación	Non
Oportunidade	Lexislación que impulsa a elaboración do PD	Lexislación	Non
Oportunidade	Colaboración co CIM, centro información á muller	Outras	Non
Oportunidade	Boa relación co concello de Baiona	Outras	Non

2. Obxectivos

2.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Empregar a PDI co alumnado a través de xogos e/ou materiais interactivos. Favorecer o achegamento do alumnado á linguaxe da programación/orientación espacial a través de xogos con robots educativos. Realizar unha creación co alumnado empregando o Croma para conmemorar algunha data ou en relación a algún centro de interese/proxecto que se estea desenvolvendo na aula. (Educación Infantil)
O02PD	Coñecer as ferramentas dixitais: acender/apagar o ordenador,

	<p>básicos., crear un documento de texto/gardar.</p> <p>Traballar vocabulario a través do dicionario dixital.</p> <p>Realizar material para que poida utilizar o alumnado (cortadora láser, cricut, croma) (1º ciclo)</p>
O03PD	<p>Elaborar un cristma de Nadal coa CRICUT. Presentar os oficios tradicionais galegos co CROMA. Oficios tradicionais: a costura. (2º ciclo)</p>
O04PD.	<p>Empregar os recursos TICs do centro como búsqueda de información. Realizar unha presentación en power point.</p> <p>Aprender a crear e a editar vídeos. (3º ciclo)</p>

2.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Participación activa, comprensión de conceptos, resolución de retos, interese e motivación	non hai reconto de participación	80% de participación, comprensión e motivación				

2.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Actividade: "exploradores/as dixitais" onde o alumnado usará a PDI para interactuar con distintos xogos educativos e materiais dixitais que fomenten a aprendizaxe activa e colaborativa.	15/12/2024	outubro, decembro, novembro
Responsables	Titoras e mestras de apoio	
Destinatario	Alumnado do ciclo de EI	

Acción	Data máxima	Temporalización
Taller de programación con robots educativos	31/03/2025	xaneiro, febreiro, marzo
Responsables	Titoras e mestra de apoio	
Destinatario	Alumnado do ciclo de educación infantil	

Acción		Temporalización
Actividade: "viaxe no tempo" onde o alumnado utilizará o croma para crear un vídeo ou presentación que conmemore unha data especial ou relacionado co proxecto do centro (os oficios tradicionais galegos)	15/06/2025	abril, maio, xuño
Responsables	Titoras e mestras de apoio	
Destinatario	Alumnado do ciclo de educación infantil	

Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
o alumnado non coñece os compoñentes básicos do ordenador	Ningún recurso creado	80% alumnado coñece os compoñentes básicos do ordenador. 1 recurso creado				

2.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
"Descubriendo o ordenador" onde o alumnado aprenda a manexar as ferramentas dixitais a través de pasos prácticos e colaborativos	17/12/2024	outubro, novembro, decembro
Responsables	Titoras e mestras de apoio no 1º ciclo EP	
Destinatario	Alumnado do 1º ciclo EP	

Acción	Data máxima	Temporalización
"Explorando o diccionario dixital" onde o alumnado aprenderá a utilizar un diccionario dixital para enriquecer o seu	31/03/2025	xaneiro, febreiro, marzo



<p>vocabulario.</p> <p>Esta actividade combinará a búsqueda de palabras, a aprendizaxe dos seus significados e a aplicación práctica en frases.</p>		
Responsables	Titoras e mestras de apoio ao 1º ciclo EP	
Destinatario	Alumnado do 1º ciclo EP	

Acción	Data máxima	Temporalización
"Creando material didáctico con tecnoloxía de corte"	15/06/2025	Abril, maio, xuño
Responsables	Titoras e mestras de apoio ao 1º ciclo de EP	
Destinatario	Alumnado do 1º ciclo de EP	

2.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
O alumnado sabe deseñar coa cricut, presenta un traballo sobre os oficios, coñece a costura básica	Ningún recurso creado	80% alumnado sabe deseñar coa cricut, presenta un traballo de oficios, coñece a costura básica				

2.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Crear un cristma de Nadal coa cricut	17/12/2024	Outubro, novembro, decembro
Responsables	Titoras e mestres de apoio ao 2º ciclo de EP	
Destinatario	Alumnado do 2º ciclo de EP	

Acción	Data máxima	Temporalización
Realizar unha presentación visual sobre os oficios tradicionais de Galicia utilizando a técnica do croma	31/03/2025	xaneiro, febreiro, marzo

Responsables	Titoras e mestres de apoio ao 2º ciclo de EP
Destinatario	Alumnado do 2º ciclo de EP

Acción	Data máxima	Temporalización
Explorar o oficio tradicional da costura. Coñecer e apreciar o oficio tradicional da costura, a súa historia, técnicas e a súa relevancia cultural.	15/06/2025	abril, xuño, maio
Responsables	Titoras e mestres de apoio ao 2º ciclo de EP	
Destinatario	Alumnado do 2º ciclo de EP	

2.4. Datos do obxectivo O04PD.

Código	Estado
O04PD.	Pendente

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
cantidade de fontes utilizadas e habilidades dixitais adquiridas	Ningún recurso creado	número de presentacións realizadas, n.º de vídeos creados, recursos tic coñecidos				

2.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Búsqueda de información utilizando recursos TIC e (tablets, PDI, proxector, bibliotecas virtuais, plataformas educativas, fichas informativas sobre cómo realizar búsquedas en liña)	15/12/2024	outubro, novembro, decembro
Responsables	Titoras e mestres de apoio ao 3º ciclo de EP	
Destinatario	Alumnado do 1 ciclo de EP	

Acción	Data máxima	Temporalización
Desenvolver habilidades para crear e presentar unha presentación efectiva usando Power Point	31/03/2025	xaneiro, febreiro, marzo
Responsables	Titor/a e mestres de apoio ao 3º ciclo de EP	

Destinatarios

Alumnado do 3º ciclo de EP

Acción	Data máxima	Temporalización
"Creadores de vídeo: proxecto escolar"	15/06/2025	abril, maio, xuño
Responsables	Titor/a e mestres de apoio ao 3º ciclo de EP	
Destinatario	ALumnado do 3º ciclo de EP	

3. Seguimento

Procedemento para o seguimento

O equipo de dinamización do PD realizará o seguimento trimestral deste plan dixital. Terán acceso ao aplicativo Educalidade para rexistrar os avances e avaliación deste plan. Realizarase un seguimento por trimestres.

Procedemento para a avaliación

Para poder avaliar o plan, será necesario medir o grao de consecución dos obxectivos que marcamos. Tamén será necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo e o desenvolvemento do plan. Así pois, no contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Por outra banda, no contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Valoración xeral: Realizarase ao final do curso


Propostas de mellora Redactaranse ao final do curso

Comunicación e difusión:

Procedemento para a comunicación e a difusión

O PD do CEIP Fontes Baiña foi presentado a claustro do profesorado e aprobado en sesión ordinaria de CE. O PD do CEIP Fontes Baiña está visible publicamente, sen necesidade de logearse, na plataforma **EduCalidade** (edu.xunta.gal/educalidad). No menú da esquerda. Dentro de plans dos centros. Simplemente escribindo o nome de Fontes Baiña ou escribindo o código do colexio: 36014921.

19. PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.

2, BENESTAR EMOCIONAL NO ÁMBITO EDUCATIVO.

- Conceptualización
- Xustificación

3, OBXECTIVOS E PLAN DE ACTUACIÓN.

4. EIXOS DO PLAN

4.1. Saúde mental e benestar socioemocional de todos os membros da comunidade educativa.

4.2. Promoción de actividades que favorezan a convivencia.

4.3. Prevención de condutas suicidas

4.4. Educación afectivo-sexual.

5. SEGUIMIENTO E VALORACION DOS RESULTADOS. PROPOSTAS DE MELLORA.

6. DIFUSIÓN.

1. INTRODUCCIÓN

As recomendacións internacionais fan fincapé na importancia que relaciona a competencia social, unha das competencias clave para a aprendizaxe permanente, co benestar persoal e mental óptimo. Pola súa importancia, estas recomendacións son tidas en conta nos marcos nacionais de promoción da saúde, quedando recollidas na Estratexia Nacional de Saúde Mental de decembro de 2021 na que se engadiron novos enfoques centrados na promoción da saúde mental e a loita contra a estigmatización, a prevención dos trastornos mentais e a conduta suicida. Todo iso co obxectivo de proporcionar ferramentas útiles para a mellora do benestar emocional da poboación.

Na Estratexia Nacional de Saúde Mental 2022-2026 establécese a especial relevancia de responder os retos da promoción da saúde mental e o benestar emocional nos sectores de poboación da infancia e adolescencia.

As condicións e experiencias de vida nos primeiros anos son especialmente transcendentales respecto ao crecemento e desenvolvemento biopsicosocial nas distintas áreas (cognición, linguaxe, hábitos, habilidades sociais, desenvolvemento emocional...), influíndo substancialmente na saúde e a calidade de vida das persoas no resto das etapas do ciclo vital.

O contexto educativo, xunto coa contorna socio-familiar, son referentes clave onde ten lugar o desenvolvemento individual e social das persoas nos seus estadios máis temperáns, exercendo un importante papel na configuración da conduta e os valores sociais da infancia, a adolescencia e a mocidade. Doutra banda, o benestar emocional garda estreita relación co logro do éxito educativo e coa consecución dunha boa saúde entre o alumnado. De acordo con toda esta realidade, desde a comunidade educativa e desde os centros educativos, obsérvase a necesidade de incorporar a abordaxe integral dos temas relacionados coa promoción da saúde, a prevención de aspectos que a comprometen, así como o fomento do benestar emocional, como unha das bases que lles permitirán alcanzar o éxito educativo a todo o alumnado.

2. BENESTAR EMOCIONAL NO ÁMBITO EDUCATIVO.

2.1. Conceptualización.

Intelixencia emocional: Refírese á capacidade dos individuos para recoñecer as súas propias emocións e as dos demais, discernir entre diferentes sentimentos e etiquetalos

apropiadamente, utilizar información emocional para guiar o pensamento e a conduta, e administrar ou axustar as emocións para adaptarse ao ambiente ou conseguir obxectivos.

Educación emocional: É un proceso pedagóxico dirixido a potenciar a esfera afectiva como complemento das habilidades cognitivas para facilitar o desenvolvemento integral da personalidade.

Benestar emocional: Habilidade de manexar as emocións, o que non significa reprimilas senón sentirse cómodo ao manifestalas e facelo de forma apropiada. Unha realidade é que as persoas con capacidade para resolver os conflitos e as tensións, e saber transitar polos momentos dolorosos, ademais teñen a flexibilidade suficiente como para gozar máis da vida.

Promoción da saúde mental: As actuacións de promoción da saúde mental recomendadas durante a etapa da infancia e a adolescencia son aquelas desenvolvidas no ámbito escolar que promoven as competencias socioemocionais a través de actividades dirixidas ao autocontrol e a resolución de problemas, e que contribúen a diminuír o risco de aparición de problemas de saúde mental e a promover o desenvolvemento integral do alumnado.

Prevención dos trastornos mentais: As actuacións dirixidas á prevención dos trastornos mentais recomendadas durante este período van dirixidas ao adestramento en habilidades parentais, o adestramento en habilidades sociais e do comportamento, intervencións curriculares baseadas no contexto da aula para previr o comportamento agresivo, así como programas dirixidos á prevención da depresión, aparición de condutas autolíticas e suicidas, así como outras tipoloxías de alteracións. *Fonte: Organización Mundial da Saúde. Promoción da saúde mental. Conceptos, evidencia emerxente, práctica. Informe compendiado. Xenebra; 2004. (Consultado o 22/5/2020.)*

2.2 Xustificación da necesidade do plan estratéxico.

O presente plan céntrase na abordaxe integral da saúde e o benestar emocional no ámbito educativo, sendo acorde tanto coa Estratexia Nacional de Saúde Mental (liña estratéxica 5) como co Plan de acción de Saúde Mental 2022-2024 (liña 3 e 4) e ten como obxecto axudar a cubrir as necesidades de protección e benestar emocional do

alumnado e outros axentes da comunidade educativa, dende a perspectiva da intervención educativa, a prevención e o fortalecemento dos factores de protección.

Faise necesario desenvolver na contorna educativa o sentido de pertenza, o fortalecemento da identidade e a autoestima, así como todos aqueles factores de protección, resiliencia e superación, que contribúan a crear un marco de convivencia positiva e ao aumento tanto do benestar do alumnado como do resto da comunidade educativa.

É necesaria a información e a achega de ferramentas e recursos a toda a comunidade educativa para facer visible a importancia da saúde mental, o benestar emocional e o desenvolvemento de habilidades para a vida. Neste labor é esencial a colaboración entre as administracións sanitarias, sociais e educativas á hora de coordinar actuacións formativas e de sensibilización, así como a poñer en valor mecanismos de coordinación interinstitucionais, que favorezan actuacións en materia de prevención e actuación.

Por todo iso, este plan é contemplado como un dos obxectivos estratéxicos (obxectivo prioritario 8: Diseñar e elaborar un Plan Estratéxico de Saúde Mental e Benestar Emocional) dentro do Plan Xeral de Actuación Anual para a planificación, o desenvolvemento e asesoramento dos diferentes ámbitos da orientación académica, educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia, contribuíndo a deseñar actuacións de formación, información e sensibilización sobre aspectos que contribúen á prevención de adiccións e a promoción do benestar psicoemocional (suicidio, condutas autolíticas, educación afectivo sexual).

Este plan pretende contribuír ao desenvolvemento do benestar socioemocional de toda a comunidade educativa co fin de posibilitar que se desenvolvan actuacións e estratexias eficaces dirixidas ao desenvolvemento do benestar socioemocional contribuíndo a dar unha resposta preventiva e integral a todo o alumnado, profesorado e familias, nun marco que promova a escola inclusiva, a convivencia positiva e a excelencia.

3. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN

Visibilizar a importancia da saúde emocional.

-Xerar estratexias educativas para promover a educación emocional entre a comunidade educativa.

-Formar sobre as condicións óptimas necesarias para un axeitado desenvolvemento socio-emocional do alumnado.

-Dotar ao profesorado, e á comunidade educativa en xeral, das estratexias necesarias para a seu autocoidado e benestar emocional.

-Coñecer os diferentes factores que afectan á saúde mental.

-Sensibilizar e formar a integrantes da comunidade educativa sobre os coñecementos, habilidades e actitudes profesionais necesarias para a identificación, avaliación e intervención ante o risco de conduta suicida.

-Mellorar o clima de convivencia e relacións sociais nos centros educativos.

-Promover na comunidade educativa espazos de formación- información sobre educación afectivo-sexual, a prevención de condutas de riscos, violencia de xénero, agresións, abusos sexuais e a aceptación da diversidade sexual.

- Favorecer a coordinación entre profesionais do ámbito, social, educativo e sanitario para mellorar a eficacia das intervencións.

4. EIXOS DO PLAN ESTRATEXICO

O plan vertébrase en 4 eixos:

6. EIXO I: Saúde mental e benestar socioemocional de todos os membros da comunidade educativa.
7. EIXO II: Promoción de actividades que favorezan a convivencia.
8. EIXO III: Prevención de condutas suicidas
9. EIXO IV: Educación afectivo-sexual.

EIXO I- SAÚDE MENTAL E BENESTAR SOCIOEMOCIONAL DE TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

▪ **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

Obxectivo 1. Sensibilizar e formar á comunidade educativa sobre a saúde mental e os beneficios do desenvolvemento e benestar socioemocional.

Obxectivo 2. Creación dun banco de recursos para fomentar o desenvolvemento e benestar socioemocional no ámbito educativo, facilitando ferramentas e recursos comunitarios para a xestión das emocións, o control do estrés e a ansiedade e a mellora dos estilos de vida.

Obxectivo 3. Mellorar o marco protector de convivencia e clima positivo no noso centro para promover o éxito educativo en todo o alumnado.

Obxectivo 4. Impulsar actuacións formativas que contribúan á promoción de factores de protección (resiliencia, autoestima, habilidades sociais, resolución de conflitos, saúde física e emocional).

Obxectivo 5. Promover procesos de colaboración e participación cos diferentes axentes educativos, sanitarios e sociais que garantan actuacións coherentes e cohesionadas no ámbito do benestar socioemocional.

ACTUACIÓNS:

ACTUACIÓNS	INDICADORES DE LOGRO	RESPONSABLES E EQUIPO TRABAJO	TEMPORALIZACIÓN
Solicitar e desenvolver programas de IE; CP INCLÚE: -INCLÚE -EMOCIÓNATE -CONVÍVETE -IGUÁLATE -Plan Director	Grao de desenvolvemento dos plans	Coordinadora de benestar emocional orientadora profesorado	Curso 2023-2025
Difundir os recursos do portal educativo da XUNTA sobre saúde mental e benestar emocional.	Listaxe de recursos postos ao dispor da comunidade educativa.	Coordinadora de benestar emocional orientadora	Curso 2023-2024 Curso 2024-2025
Achegar ao alumnado técnicas para mellorar a educación emocional e a convivencia	Mellora da convivencia	Profesionais da materia	Curso 2023-2025
Accións para o desenvolvemento no Plan de Igualdade e Convivencia do centro.	Plan de Igualdade Plan Convivencia.	Coodinadora do plan de igualdade, orientadora e coordinadora do benestar emocional	Curso 2023-2024 Curso 2024-2025

<p>Promover a formación permanente do profesorado a través do CFR e do PFPP, con actividades formativas relativas á convivencia+</p>	<p>Número de participantes que realizan a formación.</p>	<p>Coordinadora do PFPP profesorado</p>	<p>Curso 2024-2025</p>
<p>Formación específica no benestar emocional do alumnado vulnerable (TEA, TDAH, AACC,DEA, PERSOAS CON...)</p>	<p>Número de participantes que reciben a formación.</p>	<p>Profesionais especialistas, profesorado, familias</p>	<p>Curso 2023-2024 Curso 2024-2025</p>
<p>Desenvolver accións formativas e talleres no ámbito familiar, educativo e comunitario en colaboración co Consello escolar e a ANPA</p>	<p>Deseño da acción formativa. Número de participantes que certifican a formación.</p>	<p>Profesionais especialistas, profesorado, ANPA</p>	<p>Cursos 2023-2025</p>
<p>Difundir materiais entre o profesorado e comunidade educativa para facilitar pautas e indicacións sobre promoción da saúde mental e o benestar emocional.</p>	<p>Número e tipo de materiais recompilados e poñer ao dispor da comunidade educativa.</p>	<p>Coordinadora de benestar emocional orientadora</p>	<p>Cursos 2023-2025</p>

EIXO II: PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES QUE FAVOREZAN A CONVIVENCIA

▪ **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

Obxectivo 1. Sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia do benestar emocional para favorecer unha boa convivencia.

Obxectivo 2. Dar a coñecer estratexias que melloren a convivencia mediante actividades coa comunidade educativa.

Obxectivo 3. Coidar as relacións persoais entre a comunidade educativa e fortalecela mediante obradorios na aula de convivencia do centro, charlas de sensibilización ou encontros lúdicos.

▪ **ACTUACIÓNS:**

ACTUACIÓNS	INDICADORES DE LOGRO	RESPONSABLES E EQUIPO TRABALLO	TEMPORALIZACIÓN
Xornada de benvida ao novo alumnado	Nivel de participación e satisfacción	profesorado	Curso 2023-2025
Actividades na aula de convivencia: sonoterapia, relaxación, círculo da palabra, prácticas restaurativas...	Nivel de participación e satisfacción	orientadora profesorado	Curso 2023-2025
Actividades de transición entre as distintas etapas: de infantil a primaria e de primaria a secundaria: reunións de coordinacións, visitas, xornadas de convivencia cos centros adscritos (IES 1º DE MARZO)	Nivel de participación e satisfacción	profesorado orientadora	Cursos 2023-2025

Escola de familias: obradoiros, charlas, encontros, etc	Número de participantes, nivel de satisfacción	Familias, profesionais externos ao centro	Cursos 2023-2025
Calendario de merendas saudables para as dúas etapas educativas: participación en campañas de reparto nos recreos de froitas frescas e leite galego 100%	Nivel de cumprimento. Nivel de satisfacción do alumnado.	Directora profesorado	Cursos 2023-2025
Horto escolar: actividades de concienciación do medio ambiente, interacción e coidado da natureza	Nivel de compromiso	profesorado	Cursos 2023-2025
Xogos de madeira e lecturas no patio para mellorar a convivencia entre o alumnado.	Nivel de participación cos xogos. Mellora da convivencia no patio	profesorado	Cursos 2023-2025
Promocionar o banco da amizade	Nivel de participación. Mellora da convivencia no patio	profesorado	Cursos 2023-2025

EIXO III: PREVENCIÓN DE CONDUCTAS SUICIDAS.

- **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

Obxectivo 1. Aumentar a conciencia dos profesionais do ámbito educativo sobre a conduta suicida

Obxectivo 2. Sensibilizar á comunidade educativa sobre as falsas crezas achega do suicidio. Identificar sinais de alarma e factores de risco suicida e de protección.

Obxectivo 3. Dotar de coñecementos achega da abordaxe de ideas e condutas suicidas, así como os mecanismos ou as vías de coordinación con outros recursos sociais e sanitarios.

Obxectivo 4. Creación dun banco de recursos para fomentar a abordaxe e a prevención das condutas suicidas.

Obxectivo 5: Formación en estratexias para afrontar un duelo

▪ **ACTUACIÓNS:**

ACTUACIÓNS	INDICADORES DE LOGRO	RESPONSABLES E EQUIPO TRABALLO	TEMPORALIZACIÓN
Difundir información e materiais sobre a prevención universal da conduta suicida en centros educativos.	Difusión na comunidade educativa do protocolo a seguir.	Coordinadora de benestar emocional orientadora SERGAS	Cursos 2023-2025
Deseño de actuacións que axuden a paliar unha situación de duelo ou afrontar cambios na unidade familiar (separacións, nacementos, etc) adicando tempo para falar ou escoitar as persoas implicadas.	Deseño das accións	Coordinadora de benestar emocional orientadora profesorado	Cursos 2023-2025

EIXO IV- EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL.

▪ OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Obxectivo 1. Formar a todos os membros da comunidade educativa en educación afectivo-sexual.

Obxectivo 2. Sensibilizar e formar á comunidade educativa no respecto e tolerancia cara á diversidade afectivo-sexual

Obxectivo 3. Desenvolver actuacións para a prevención de enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, condutas sexuais de risco.

Obxectivo 4. Dotar de estratexias para a identificación e prevención dos abusos sexuais.

Obxectivo 5. Formar ao alumnado no desenvolvemento de boas relacións interpersoais xerando factores protectores.

Obxectivo 6. Formar na influencia das novas tecnoloxías na sexualidade: abordaxe integral do sexting, grooming, pornografía...

Obxectivo 7. Crear un banco de recursos para a abordaxe da educación afectivo- sexual

▪ ACTUACIÓNS:

ACTUACIÓNS	INDICADORES DE LOGRO	RESPONSABLES E EQUIPO TRABALLO	TEMPORALIZACIÓN
Desenvolver accións formativas específicas para a prevención de condutas de risco.	Deseño da acción. Número de participantes	Plan Director Coordinadora de bienestar emocional orientadora	Cursos 2023-2025

Desenvolver accións formativas específicas para a identificación e prevención dos abusos sexuais.	Deseño da acción formativa. Número de participantes	Plan Director Profesorado coordinadora de bienestar emocional orientadora	Cursos 2023-2025
Desenvolver accións formativas específicas sobre a influencia das novas tecnoloxías na sexualidade.	Deseño da acción formativa. Número de participantes	Plan Director Profesorado coordinadora de bienestar emocional orientadora	Cursos 2023-2025
Desenvolver actividades e difundir recursos a través da rede educa e apoio LGBTIQ+ sobre educación afectivo-sexual e diversidade sexual.	Actividades Listaxe de recursos postos ao dispor da comunidade educativa.	Rede educa apoio LGBTIQ+ Profesorado coordinadora de bienestar emocional orientadora	Cursos 2023-2025
Desenvolver accións formativas e talleres no ámbito familiar, educativo e comunitario en colaboración co consello escolar e a ANPA.	Deseño da acción formativa. Número de participantes Nivel de compromiso	profesionais	Cursos 2023-2025

5. SEGUIMIENTO E VALORACIÓN DOS RESULTADOS. PROPOSTAS DE MELLORA.

Implantación.

O presente plan comezará a implantación das súas actuacións ao longo dos cursos 2023- 2024, 2024 -2025.

Seguimento.

O plan de benestar emocional será revisado ao longo do proceso de implementación do plan, o grao de realización e valoración das actuacións planificadas, analizar as incidencias que poidan dificultar o proceso e, en definitiva, monitorizar o desenvolvemento do plan.

A coordinadora de benestar emocional xunto ao departamento de orientación realizará o seguimento do plan anualmente, levando a cabo as seguintes actuacións:

- Verificación da posta en marcha e correcto desenvolvemento do plan.
- Determinación das liñas de traballo a seguir.
- Deseño, planificación e organización do proceso de avaliación do plan.
- Análise e valoración das propostas recollidas e necesarias para garantir o logro dos seus obxectivos e liñas estratéxicas.
- Determinación e implementación de propostas de mellora en relación ao desenvolvemento e execución do plan.

Avaliación.

A avaliación do plan de benestar levarase a cabo a través da valoración da consecución dos indicadores e obxectivos anteriormente mencionados, ao final de cada curso escolar.

Realizarase unha memoria de actividades relativa ao desenvolvemento das actuacións contempladas no plan, así como a xustificación de contas sobre os gastos realizados.

6. DIFUSIÓN.

Para a difusión do plan a coordinadora de benestar emocional, a xefa de estudos e o departamento de orientación difundirán á Comunidade Educativa o plan, informando da implementación das accións formativas que se aliñen cos obxectivos do mesmo.

Esta difusión farase, á súa vez, mediante diferentes formas e soportes podendo utilizarse, entre outras, a páxina web do centro, ferramentas colaborativas, abalarmobil, xornadas e encontros con diferentes profesionais do ámbito educativo e doutras administracións.

20. NORMATIVA:

- *RECOMENDACIÓN DO CONSELLO de 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para o aprendizaxe permanente. Diario Oficial da Unión Europea.*
- *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOMLOE*
- *DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).*
- *Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.*

- *Real Decreto 95/2022, de 1 de febrero, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.*
- *DECRETO 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo nas ensinanzas non universitarias de Galicia.*
- *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado d2/2006, do 3 de maio, de educación, os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Orde do 26 de maio de 2023 que regula a avaliación en Ed. Primaria*
- *Orde do 30 de maio de 2023 que regula a avaliación en ED. Infantil.*

NOELIA FERNÁNDEZ COLMENERO, directora do CEIP Fontes Baíña,

CERTIFICA

*Que esta **Programación Xeral Anual (PXA)** para o curso 2024-2025 foi presentada ao Claustro de mestres nunha reunión de celebrada o martes día 15 de outubro do 2024 ás 16:00 horas. Así mesmo dita Programación Xeral Anual foi presentada e aprobada en Consello Escolar nunha reunión que tivo lugar o mesmo día ás 17:00 horas.*

En Baiona, a 15 de outubro do 2024.

Asinado: NOELIA FERNÁNDEZ COLMENERO